

**MORFOLOXÍA.**

-	Substantivo .....	3
-	Adxectivo .....	7
-	Artigo.....	9
-	Pronome persoal .....	11
-	Demostrativos.....	16
-	Posesivos .....	17
-	Numerais .....	18
-	Indefinidos.....	20
-	Relativos, interrogativos, exclamativos.....	22
-	Verbo:	
-	Constituíntes .....	23
-	Conxugación .....	25
-	Participios irregulares .....	27
-	Infinitivo conxugado.....	28
-	Perífrases verbais .....	29
-	Adverbio.....	33
-	Preposición .....	37
-	Conxunción .....	39
-	ERROS FRECUENTES .....	41
-	NOTAS FINAIS .....	45
-	A.- Segmentación.....	45
-	B.- Verbos rematados en -aer, -oer, -aír, -oír, -uír .....	51
-	C.- Futuro de subxuntivo .....	52
-	<b>ACTIVIDADES.....</b>	<b>53</b>

**CLASES DE PALABRAS** (Cf. libro de texto Rodeira).

SUBSTANTIVO	Palabras que designan persoas, animais, cousas, lugares e ideas: Luís, can, libro, casa, intelixencia.								
ADXECTIVO	Expresa características atribuídas a un substantivo: neno <u>loiro</u> .								
ARTIGO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artigo determinado: o, a, os, as.</li> <li>• Artigo indeterminado: un, unha, uns, unhas.</li> </ul>								
PRONOME	Pronomes persoais tónicos:				Pronomes persoais átonos:				
	P1	Eu	min	comigo		P1	P2	P3	
	P2	Ti / Vostede	=	contigo		CD	me	te	o Sg
	P3	El/Ela	si	consigo		CI	me	che	lle
	P1	Nós / nosoutros	=	connosco		CD	nos	vos	os Pl
	P2	Vós / vosoutros	=	convosco		CI	nos	vos	lles
	P3	Eles/Elas	si	consigo					
	+ pronome <i>se</i>								
DEMOSTRATIVO	<ul style="list-style-type: none"> <li>• M→ Este, ese, aquel, estes, eses, aqueles.</li> <li>• F→ Esta, esa, aquela, estas, esas, aquelas.</li> <li>• N→ Isto, iso, aquilo.</li> </ul>								
POSESIVO	P1	meu	miña	meus	miñas	noso	nosa	nosos	nosas
	P2	teu	túa	teus	túas	voso	vosa	vosos	vosas
	P3	seu	súa	seus	súas	Seu	súa	seus	súas
NUMERAL	Expresan con exactitude unha cantidade determinada. <u>Tres</u> nenos, <u>primeiro</u> curso...								
INDEFINIDO	Indican de maneira imprecisa (“indefinida”) a cantidade ou identidade de algo ou alguén: <u>Calquera</u> persoa, <u>moita</u> xente... <u>Ninguén</u> quere nada.								
RELATIVO	Teñen dobre función: 1.- Nexo que serve para introducir oracións subordinadas adxectivas ou de relativo. 2.- Desempeña unha función sintáctica dentro da oración que introduce.								
INTERROGATIVO EXCLAMATIVO	RELATIVOS		INTERROGATIVOS, EXCLAMATIVOS			ADVERBIOS INTERROGATIVOS			
	que		que						
	quen		quen						
	cal / cales		cal/cales						
	canto/a/os/as		canto/a/os/as			canto inmoviliz. x1 n1			
	onde (relativo adverbial)					onde			
	cando (relativo adverbial)					cando			
	como (relativo adverbial)					como			
	cuxo								
VERBO	Palabras que expresan accións ou estados: Correr, saltar, estar, vivir...								
ADVERBIO	Palabras que indican as circunstancias en que se desenrola unha acción: lugar, tempo, modo, cantidade, afirmación, negación, dúbida. Poden modificar un verbo (vivimos <u>cerca</u> ), un adxectivo ( <u>moi</u> listos) ou outro adverbio (vivimos <u>moi</u> <u>cerca</u> ).								
PREPOSICIÓN	Serven de nexos entre un elemento sintáctico e o seu complemento → Casa <u>de</u> madeira. A, agás, ante, ata, baixo, canda, con, contra, de, deica, desde, ...								
CONXUNCIÓN	Serven de nexos entre oracións. (Tamén marcan relacións entre palabras, frases ou oracións): Luís <u>e</u> Marta, Luís <u>é</u> de Ares <u>e</u> ti <u>es</u> de Ferrol.								
INTERXECCIÓN	Son palabras especiais, pois elas soas equivalen a unha oración: Ai! = Dóme moito o pé / Bah! = Non me importa nada. / Uf! = Que cansado estou!								

# O SUBSTANTIVO

## CLASIFICACIÓN SEMÁNTICA DO SUBSTANTIVO:

Propios/comúns, concretos/abstractos, individuais/colectivos, continuos/descontinuos<sup>1</sup>.

## CONSTITUÍNTES:

RAÍZ + MORFEMAS<sup>2 A</sup>  
Morfemas constitutivos: XÉNERO, NÚMERO.  
Morfemas derivativos (afixos): Prefixos, Sufixos.

## O XÉNERO

- A oposición de xénero (Masc. / Fem.) remite a diferenzas de:
  - a) Sexo gato/a
  - b) Forma-tamaño-profundidade palleiro/a, río/a, pozo/a, cesto/a, coitelo/a. Vid. tamén rato/rata.
  - c) Individual/colectivo froito/a, leño/a, madeiro/a

---

<sup>1</sup> Clasificación semántica do substantivo (cfr. tamén libro de texto Baía, páx. 59).

Propios	Designan entes únicos (Definen a un só individuo).
Comúns	Designan clases, aplícanse a entidades caracterizadas por teren un conxunto de propiedades semánticas en común.
Concretos	Designan entidades do mundo físico, perceptibles polos sentidos e localizables no espazo.
Abstractos	Designan entidades que non teñen propiedades perceptibles polos sentidos, non son observables nin localizables no espazo.
Individuais	Designan entidades illadas, independentes: arma, poema, vestido, profesor, pluma, óso.
Colectivos	Designan unha pluralidade de entidades, basicamente iguais, separables e enumerables, pero que se consideran como un todo: armamento, poemario, vestimenta, profesorado, plumaxe, osamenta.
Continuos	(ou non contables): designan entidades que non son enumerables por eles (non se poden contar). P.e. madeira.
Descontinuos	(ou contables): designan entidades enumerables por eles (pódense contar). P.e. neno.

<sup>2</sup> Palabras simples, compostas, derivadas, parasintéticas. Cf. nota final A.

- **Substantivos variables.** A oposición de xénero pode marcarse mediante:

a) Morfemas de xénero:

-o / -a	gato/gata, pozo/poza.
-e / -a	xefe/xefa.
-ø / -a	avó/avoa, deus/deusa.
-án / -á	irmán/irmá.
-án / -ana	laczán/laczana (→ Pexorativos <sup>3</sup> ).
-ano / -ana	urbano/urbana (Masculino remata en -ano → feminino en -ana).
-ón / -oa	anfitrión/anfitríoa, campión/campioa, bretón/bretoa.
-ón / -ona	abusón/abusona (→ Deverbais pexorativos e aumentativos).
-ín / -ina	bailarín/bailarina.

Atención especial á formación do xénero en palabras rematadas en -N<sup>4</sup>. Cfr. Nota pé de páxina.

b) Morfema derivativo para formar o feminino:

galo/galiña, visconde/viscondesa, sacerdote/sacerdotisa, poeta/poetisa.

c) Heterónimos: home/muller, cabalo/egua.

d) Determinantes: o/a artista, o/a doente. Estes substantivos presentan sincretismo de xénero.

Importante: comparen os subst. artista / formiga / mesa (en relación ao xénero).

<sup>3</sup> Excepcións: nugallán, nugallá / marrán, marrá / rufián, rufiá / truán, truá.

<sup>4</sup> Feminino dos nomes rematados en -N:

-ÁN / -Á: *aldeán, aldeá; ancián, anciá; alemán, alemá; catalán, catalá, etc.*

Alguns xentilicios poden conservar a súa forma local -ao/-á: *burelao, burelá; coruelao, courelá...*

ÁN / -ANA: Aparece en substantivos e adxectivos que xeralmente actúan como caracterizadores **pexorativos**: *brután, brutana; pailán, pailana; laczán, laczana...* Cf. excepcións na nota anterior.

-ÓN / -OA: *anfitrión, anfitríoa; bretón, bretoa; campión, campioa; león, leoa; patrón, patroa; saxón, saxoa; teutón, teutoa; ladrón, ladroa (ladra)...*

-ÓN / -ONA: Aparece en palabras en que esta terminación é un sufixo **aumentativo** ou un deverbais **pexorativo**: *mullerona, casona; abusón, abusona; faltón, faltona; lambón, lambona; preguntón, preguntona...*

*Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego (RAG, ILG) aprobadas o 12-VII-03.*

**Substantivos invariables.** Carecen de oposición de xénero<sup>5</sup>.

a) Masculinos.

- Nomes de letras (o efe, o uve), o til, o leite, o sal, o mel, o fel, o sangue, o nariz, o couce, o ubre, o sinal, o cárcere, o dote, o labor.
- Tamén son masc. os alicates, o amargor, o balor, o loor, o tremor, o polgar, o mar, o lecer, o diadema, o masacre, o xiz...
- Palabras rematadas en -me: masculino. O friame, o pelame, o costume, o acedume, o arume (folla do piñeiro), o cheirume, o estrume, o legume, o lume, o pesadume, o queixume... Excepcións: a fame, a síndrome, a servidume.

b) Femininos.

- A liñaxe, a orixe, a orde, a ponte, a árbore, a sebe (cercado), a cute, a apócema, a asma, a reuma, a color/a cor, a arte, a suor, a acne, a calor, a cor / a color, a dor / a dolor.
- Palabras rematadas en -axe, -uxe: Feminino. A aldraxe, a friaxe, a carraxe, a viruxe, e ferruxe... Excepcións: garaxe, traxe, paxe, personaxe, balaxe (rubí).
- Palabras rematadas en -ite, -ise-, -ade<sup>6</sup>: a análise, a parálise, a puberdade.

acedume	balaxe (rubí).	cute	figueira	lume	personaxe	servidume
acne	balor	cheirume	fin	mar	pesadume	sinal
aldraxe	cal	diadema	friaxe	masacre	ponte	síndrome
alicates	calor	dor/dolor	garaxe	mel	puberdade.	suor
amargor	canle	dote	labor	nariz	queixume	til
análise	cárcere	efe	lecer	orde	reuma	traxe
apócema	carraxe	estrume	legume	orixe	sal	tremor
árbore	castiñeiro	fame	leite	pantasma	sangue	ubre
arte	color/cor	fantasma	limoeiro	parálise	sebe	uve
arume	costume	fel	liñaxe	paxe	(cercado)	viruxe
asma	couce	ferruxe	loor	pereira		xiz

**Casos especiais.**

1. Nomes de árbores. Normalmente responden ó xénero do froito: a pera, a pereira; o limón, o limoeiro. Hai excepc: o figo, a figueira; a castaña, o castiñeiro.
2. Palabras que teñen significado diferente en M/F: o cal  $\leftarrow \rightarrow$  a cal (= a canle); o fin (a finalidade)  $\leftarrow \rightarrow$  a fin (final).
3. Palabras que admiten os dous xéneros (M/F): con variación do lexema (o fantasma / a pantasma); sen variación (o personaxe / a personaxe). O substantivo personaxe é masculino, pero pode empregarse como feminino ó referirse a seres sexuados femininos: *A protagonista, Adela, é unha personaxe pouco interesante.*

<sup>5</sup>Os substantivos invariables carecen de oposición xénérica, por seren masculinos (o castiñeiro, o cume) ou femininos (a pereira, a fame). Dentro dos substantivos invariables hai tamén nomes de animais: vid. Epiceno. Epiceno.- Substantivo invariable que designa indiferentemente os dous individuos, macho e femia, dunha mesma especie: a aguiña, o falcón, a cobra, o gorila, a formiga, a lebre, o paspallás, a pega... Para precisar o sexo a que pertence o animal hai que empregar a especificación coas formas *macho / femia*: nécora macho / nécora femia.

<sup>6</sup>Palabras procedentes de palabras gregas en -is, acomodados en galego en -e (-se, -te): feminino. A diabete, a glote, a análise, a paréntese, a psicanálise, a hepatite...

Palabras rematadas en -(i)dade, -tade, -(i)tude: feminino. A amizade, a inimizade, a liberdade, a vontade, a escravitude, a multitude, a puberdade.

## O NÚMERO

- A oposición de número (singular/plural).
  - a) Substantivos que só se empregan en plural: as cóxegas, nupcias...
  - b) Substantivos que só se empregan en singular: norte, sur, leste, oeste...
  - c) Substantivos nos que a oposición sg/pl remite a unha diferenza de significado: lente/lentes, miolo/miolos, existencia/existencias...
  - d) Substantivos nos que é indiferente o uso de sg. ou pl.: pantalón/s.
  
- Formación do plural. Morfemas de número: -∅ (singular) / -s, -es, -is (plural).

Palabras rematadas en:	Engaden:	Exemplos:
Vogal , ditongo	S	Tabú, tabús / iraní, iranís / Bocoí, bocoís
<b>X</b>	<b>Non varían</b>	O dúplex, os dúplex
<b>S</b>	<b>ES</b>	Compás, compases
	<b>Non varían</b>	O lapis, os lapis / O luns, os luns
<b>R, Z</b>	<b>ES</b>	Pastor, pastores / Luz, luces
<b>L</b>	<b>Monosílabas: ES</b>	Sol, soles
	<b>Graves: ES</b>	Móbil, mobiles / Téxtil, téxtiles
	<b>Agudas: IS</b>	Animal, animais / Mandil, mandís
	<b>Compostas: depende da 2ª palabra</b> Fan o plural como o faría a 2ª palabra.	2ª palabra monosílaba: Cartafol, cartafoles 2ª palabra aguda: Cortapapel, cortapapeis
<b>Consoantes distintas das anteriores</b>	S	Club, clubs / Pantalón, pantalóns / Robot, robots / Clip, clips / Frac, fracs / Anorak, anoraks / Álbum, álbums

- Os rematados en consoante -l,
  - Engaden -ES → Os monosílabos rematados en -l e as palabras graves rematadas en -l: mol/moles, mísil/mísiles.
    - As palabras compostas nas que o segundo elemento é monosílabo rematado en -l engaden -ES (alomorfo do plural) → ollomol, ollomoles; caracol e aerosol non son compostos de col e sol: o seu plural é caracois, aerosois.
  - Engaden -IS (alomorfo do plural) → As palabras agudas rematadas en -l: fusil/fusís.
  
- Os estranxeirismos adecúanse á norma (somier/somieres, húsar/húsares) agás algúns pouco integrados (póster/pósters/pósteres, gánster/gánsters/gánsteres).
  
- Composición. S+A: porco bravo → porcos bravos / S+S: sofá cama → sofás cama.

## O ADXECTIVO.

- O adxectivo é unha clase de palabra que expresa cualidades atribuídas a un substantivo.
- Pola súa significación diferenciamos:  
Adxectivo explicativo. Salienta unha cualidade implícita no substantivo que acompaña: *neve branca, herba verde*.  
Adxectivo especificativo. Expressa unha cualidade particular non implícita no substantivo que acompaña: *viaxe interesante, neno loiro*.

## XÉNERO E NÚMERO.

- Os morfemas de xénero e número no adxectivo están condicionados polo substantivo co que concorda.
- Atendendo á flexión dos morfemas constitutivos, diferenciamos:
  - a) Adxectivos con oposición de xénero e número: *loiro(s) / loira(s)*.
  - b) Adxectivos con oposición de número e sincretismo no xénero: *doce / doces*.
  - c) Adxectivos invariables en xénero e número: *choromicas, medicas, chafullas*.

## GRADACIÓN DO ADXECTIVO<sup>7</sup>.

A cualidade expresada polo adxectivo pode graduarse. Procedementos:

- 1.- Mediante un adverbio: *moi alto, bastante alto,...*
- 2.- Repetición do adxectivo: *é parvo, parvo*.
- 3.- Con prefixos: hiper-, re-, super-, ultra- → *hipertenso, ultralixeiro*.
- 4.- Mediante o superlativo:
  - Absoluto: -ísimo, -érrimo<sup>8</sup> // moi + adxectivo.
  - Relativo: artigo + menos/máis + adxectivo [+ de/entre elemento co que se fai a comparación].
- 5.- Mediante a comparación:
  - Comparativa de igualdade: tan + adxectivo + como/coma + elemento co que se realiza a comparación.
  - Comparativa de superioridade: máis + adxectivo + ca / (do) que + elemento co que se realiza a comparación.
  - Comparativa de inferioridade: menos + adxectivo + ca / (do) que + elemento co que se realiza a comparación.

<sup>7</sup> Graos do adxectivo: Positivo: indica a cualidade, sen ningún tipo de intensificación.

Comparativo: establece a relación de cualidade entre dous termos. Pode ser de igualdade, de superioridade ou de inferioridade.  
Superlativo: expresa a cualidade no seu grao máis alto.

<sup>8</sup> -ísimo: antiquísimo, nobilísimo. Tamén nos adxectivos rematados en -ble ou -bel: amabilísimo.  
-érrimo: libre-libérrimo, célebre-celebérrimo.

- Uso de *como*<sup>9</sup> / *coma*.  
 Úsase obrigatoriamente *como* cando segue unha forma verbal [oración].  
 Úsase obrigatoriamente *coma* cando segue un pronome<sup>10</sup>.  
 No resto dos casos pode usarse *como* ou *coma*.

Uso de *ca* / (*do*) *que*.

Úsase obrigatoriamente (*do*) *que* cando segue unha forma verbal [oración]. Úsase obrigatoriamente *ca* cando segue un pronome.  
 No resto dos casos pode usarse un ou outro.

- Contraccións de CA + artigo → Admítese a dobre representación: có = ca o, cá = ca a, cós = ca os, cás = ca as: *É máis ruín ca o demo / É máis ruín có demo*<sup>11</sup>.

	<i>O</i>	<i>A</i>	<i>OS</i>	<i>AS</i>
<i>CA</i>	<i>CÓ, CA O</i>	<i>CÁ, CA A</i>	<i>CÓS, CA OS</i>	<i>CÁS, CA AS</i>

Non deben confundirse estas contraccións coas de CON + artigo:

	<i>O</i>	<i>A</i>	<i>OS</i>	<i>AS</i>
<i>CON</i>	<i>CO</i>	<i>COA</i>	<i>COS</i>	<i>COAS</i>

- **Comparativo e superlativo sintético.**

Unha serie de adxectivos posúen, ademais das formas analíticas, formas sintéticas para o comparativo e superlativo:

<u>Positivo</u>	<u>Comparativo</u>	<u>Superlativo</u>
grande	maior	máximo
pequeno	menor	mínimo
bo	mellor	óptimo
malo	peor	pésimo
alto	superior	supremo
baixo	inferior	ínfimo

- **Uso dos adxectivos santo/san, grande/gran.**

Santo + vogal → Úsase ante nomes que empezan por vogal (*Santo Antón, Santo André*).

San + consoante → Úsase ante palabras que empezan por consoante (*San Tomé*).

Grande + vogal → Úsase ante substantivos en singular que empezan por vogal (*grande éxito*).

Gran + consoante → Úsase ante substantivos en singular que empezan por consoante (*gran sacrificio*).

<sup>9</sup> “Na condición de” → Como. *Traballa como médico*.

<sup>10</sup> Repara nestas construcións: *coma se, coma quen, coma cando* → *Fai coma se non estivese. É coma quen non o ten. Vive coma cando era novo*.

<sup>11</sup> Partícula comparativa CA + preposición A + artigo O / A / OS / AS: CA + Ó~AO / Á / ÓS~AOS / ÁS.  
 Repara nestas construcións: *Prefiro ir ó campo ca ó~ao monte / ca á montaña / ca ó~aos montes / ca ás montañas*.



## O ARTIGO<sup>12</sup>

- **Alomorfos:** o, a, os ,as // lo, la, los, las (2ª forma do artigo).
- **Uso da 2ª forma do artigo.** Úsase obrigatoriamente<sup>13</sup> a 2ª forma do artigo despois de:
  - a) U (adverbio: "onde"): *U-lo rapaz?*
  - b) Por (preposición): *Vai polo camiño.*

- **Arcaísmo EL.**  
Ademais das formas citadas, existe o artigo EL con nomes como REI, SEÑOR.  
Este artigo emprégase en fórmulas protocolarias.

- **Contraccións.**

	O	A	OS	AS
A	ó (ao)	á	ós (aos)	ás
CON	co	coa	cos	coas
CA	có (ca o)	cá (ca a)	cós (ca os)	cás (ca as)
DE	do	da	dos	das
EN	no	na	nos	nas

- **Valores do artigo<sup>14</sup>:** enfático, xenérico, distributivo, posesivo.

<sup>12</sup> O artigo pode ter función substantivadora, facendo que o elemento que o segue (adxectivo, numeral, verbo, adverbio...) cumpra as funcións propias do substantivo: *O útil é participar. Deulle o si na catedral de Santiago.*

<sup>13</sup> É facultativo (opcional) o uso da 2ª forma do artigo despois de:

- Infinitivo e formas verbais rematadas en -r, -s: *vou colle-lo libro / vou coller o libro.*
- Nos, vos, lles (pronomes enclíticos): *tomóuno-lo pelo / tomounos o pelo.*  
Nós, vós (pronomes tónicos): *nó-los dous / nós os dous.*
- Ambos/as, entrambos/as, todos/as (indefinidos): *ámbolos dous, tódalas rapazas / ambos os dous, todas as rapazas.*
- Tras (preposición): *tralos montes / tras os montes.*
- Máis (conxunción copulativa): *foron el mailo seu fillo / mais o seu fillo.*

<sup>14</sup> Valores do artigo:

Enfático.	Destácase algo no enunciado: <i>O que hai que ver.</i>
Xenérico.	Acompaña ó substantivo facendo referencia a toda a especie ou clase: <i>O home é mortal.</i>
Distributivo.	Usado con substantivos de pesos e medidas, atribúe unha propiedade a tódolos membros do conxunto: <i>O litro a dous euros.</i>
Posesivo.	Acompaña a un substantivo que fai referencia a obxectos propiedade do individuo: <i>Puxen a man onde puiden. Collín o sombreiro.</i>

- **Uso do artigo con nomes propios.**

- Nomes de persoa.

Con nomes de persoa (de pía, apelidos ou alcumes) é usual en galego o artigo. Non ten en galego o matiz pexorativo que si ten en castelán.

*O Brais éche bo rapaz.*

- Topónimos.

Nomes de montes, cabos, mares e océanos: levan, en xeral, artigo. O Pico Sacro, O Atlántico.

Illas: lévano cando se trata dun arquipélago (As Cíes)

Ríos: levan artigo (O Miño)

Entidades de poboación, comarcas: algúns non levan artigo (Ferrol, Bergantiños), outros si (A Coruña, O Morrazo).

Atención á contracción: *Universidade da Coruña. Festas no Morrazo.*

- **Uso de artigo ante posesivo.**

Norma xeral: É obrigatorio o uso de artigo ante posesivo + nome. *A nosa casa está aquí.*

Excepcións: a) Nomes de parentesco: *Meu pai.*

b) Vocativos e exclamativos: *Meu Deus! Escoita, meu amigo.*

c) Títulos (referidos a seres únicos): *Súa Maxestade.*

d) Frases feitas: *Meu dito, meu feito.*

e) Distributivos: *Levou cada alumno seu premio.*

f) Outro determinante: *Este meu amigo.*

## O PRONOME PERSOAL

- Os pronomes persoais presentan flexión de xénero, número e persoa.
- Poden ser tónicos ou átonos.

### O PRONOME PERSOAL TÓNICO.

1. Funciona como suxeito, atributo, complemento con preposición (CD, CI, CC, ...) ou segundo termo da comparación.

P1 sg: Eu, min, comigo. P2 sg: Ti, contigo. P3 sg: El / ela, si, consigo.	P1 pl: Nós <sup>15</sup> (nosoutros), connosco. P2 pl: Vós (vosoutros), convosco. P3 pl: Eles / elas, si, consigo.
---	--

Vostede/s: forma de cortesía da P2 sg. e pl.

No galego antigo existía a forma *elo* (neutro). Actualmente é un arcaísmo. Debe usarse *iso*: *por iso, estamos niso...*

2. Contraccións.- *El, ela, eles, elas* contraen coas preposicións *DE, EN*: *del, dela, deles, delas, nel, nela, neles, nelas*.

### O PRONOME PERSOAL ÁTONO

#### 1.- Formas:

	P1	P2	P3	
CD	me	te	o	SG
CI	me	che	lle	
CD	nos	vos	os	PL
CI	nos	vos	lles	

+ pronome SE

#### 2.- Alomorfos do pronome átono de P3:

- o, a, os, as: *cólleo*.
- lo, la, los, las: *quixeron levalo*. Úsase tras forma verbal rematada en -r, -s e tras adverbio U: *U-lo rapaz?, ulo?*
- no, na, nos, nas: *levouno*. Úsase tras forma verbal rematada enditongo.

<sup>15</sup> Algúns valores especiais:

- Plural de modestia (nós por eu). O emisor réstase importancia dando ao afirmado o carácter de colectivo: *Realizamos o traballo = Realicei o traballo*.
- Plural de maxestade (nós por eu). Forma utilizada polos xerarcas (reis, papas...): *Nós, el Rei...*

### 3.- Uso especial das formas átonas (Libro de texto Baía, páx. 76):

#### 3.1.- Formas de acusativo. Son as formas de CD. Ademais de CD, poden ser:

1. Referente do suxeito dun infinitivo (dependente dun verbo de sentido ou causativo): Déixaos xogar (Deixa que eles xoguen).
2. Referente do suxeito: Aí o vai.
3. Referente do atributo: É esa María? Si que a é. Ese é Pedro? Si que o é.

#### 3.2.- Formas de dativo. Son as formas de CI. Ademais de CI poden ser:

1. Referente do suxeito dun infinitivo: Deixoulle facer o que quixo.
2. Dativo de solidariedade.
3. Dativo de interese.

##### ▪ Dativo de solidariedade.

Emprégase cando se quere implicar afectivamente ó receptor na acción expresada polo verbo: *Éche bo rapaz, Évos bo rapaz*. Forma de cortesía: *Élle bo rapaz, Élles bo rapaz*.

Repara nas seguintes construcións:

O rapaz estuda moito. Implicamos na acción:

A ti → che: O rapaz estúdache moito.

A vós → vos: O rapaz estúdavos moito.

A vostede(s) → lle/s: O rapaz estúdalle moito / O rapaz estúdalles moito.

##### ▪ Dativo de interese.

Emprégase cando o emisor se quere implicar afectivamente na acción expresada polo verbo. *Non me saíades de aquí*.

Poden combinarse dativo de interese e de solidariedade: *O rapaz estúdacheme moito*.

### 4.- Formas *me, te, se, nos, vos, se*. Uso en:

#### ○ Reflexivos.

En galego o reflexivo funciona como CD, e son inadmisibles construcións reflexivas nas cales a acción se realiza sobre unha parte do suxeito: *\*laveime a cara, \*queimouse unha man* (por *lavei a cara, queimou unha man*).

#### ○ Verbos pronominais<sup>16</sup>: *atrévome, atréveste, atrévese, atrevémonos, atrevédesvos, atrévense*. Cfr. "Interferencias lingüísticas: castelanismos no galego".

<sup>16</sup> Verbos pronominais.

- a) Verbos que só admiten a construción pronominal (verbos que se constrúen sempre co pronome): *atreverse, dignarse, apropiarse, suicidarse, queixarse, arrepentirse*... Incorrecto *\*atrever, \*dignar*...
- b) Verbos que admiten dúas formas (construción pronominal / non pronominal), sen que haxa variación de significado: *Esquecínme da lista dos reis godos / Esquecín a lista dos reis godos*.
- c) Verbos que admiten dúas formas (construción pronominal / non pronominal), con variación de significado (distinto significado co pronome que sen el): *O animal quedouse sen se decataren / O animal quedou na vosa casa*.  
Outros: *afogar ≠ afogarse, fixar ≠ fixarse, acordar ≠ acordarse, ocupar ≠ ocuparse, entender ≠ entenderse*...

## 5.- Valores de SE.

Reflexivo	Lavouse (CD). Non: *Lavouse a cara.
Recíproco	Pegáronse (CD). Pegáronse unhas labazadas (CI).
Formante léxico (nun v. pronominal)	Arrepeniuse. Queixouse. Alegrouse. O pronome é un formante léxico (é un constituínte formal do verbo: non ten función sintáctica).
Índice de pasiva impersoal (ou pasiva reflexa)	Suspendeuse a clase = A clase foi suspendida. Suspendéronse as clases = As clases foron suspendidas. Nesas hortas plántase millo / Nestas hortas plántanse patacas. Cortouse un carballo / Cortáronse vinte carballos.  Suxeito (paciente) <sup>17</sup> que concorda co verbo (en P3/P6). O axente non se expresa. Se se quere nomear, recórrese a ser+participio → As clases foron suspendidas polo Director.
Índice de activa impersoal	1. Verbo transitivo + CD: Cortouse un piñeiro / Cortouse vinte piñeiros. Verbo inmovilizado en P3 (sg) <sup>18</sup> ; o paciente é o seu CD. 2. Verbo transitivo sen CD expreso: En España lese pouco. 3. Verbo intransitivo: Aquí trabállase moito.
Se narrativo.	Érase unha vez...

\* As construcións con pronome de interese tipo \**Se tomou una copa*, \**Se cayó por la escalera*, \**Se murió*, válidas en castelán, son incorrectas en galego; o correcto sería: *Tomou unha copa*, *Caeu pola escaleira*, *Morreu*.

## 6.- Contraccións.

	O	A	OS	AS
ME	mo	ma	mos	mas
CHE	cho	cha	chos	chas
LLE	llo	lla	llos	llas
NOS	nolo	nola	noles	nolas
VOS	volos	vola	volos	volas
LLES	llelo	llela	llelos	llelas

<sup>17</sup> Oración pasiva:

Suxeito (coñecido como suxeito paciente): padece a acción.

Complemento axente: realiza a acción do verbo.

<sup>18</sup> Nótase que formalmente coinciden a pasiva impersoal e a activa impersoal en singular.

## 7.- COLOCACIÓN DOS PRONOMES ÁTONOS.

<b>A) Regra xeral</b> → Posposto ó verbo (colocación normal). Correcto: <i>Dixéronme que foras á casa</i> ← → Incorrecto: <i>*Me dixeron que foras á casa.</i>	
<b>B) En contra da regra xeral</b> → O pronome vai <b>anteposto</b> ó verbo nos seguintes casos: Excepcións: cfr. Anaya 1º Bach, pp. 78-79.	
<b>1.- Nexos subordinantes.</b> Nas oracións subordinadas:	<i>Repítoche que me dixeron que foras á casa.</i>
<b>2.- Partícula negativa:</b> Oracións introducidas por unha partícula negativa:	<i>Non mo dixeron / Dixéronmo.</i>
<b>3.- Adverbios*</b> (hai excepcións). Oracións introducidas por un adverbio:	<i>Sempre me dixeron que vivías con ela.</i>
Excepcións: Algúns adverbios de tempo e lugar non obrigan a antepoñer o pronome. Nestes casos vai posposto, coma na regra xeral. Así, o pronome vai posposto nas oracións introducidas por <i>onte, hoxe, mañá, antes, despois, entón....</i>	<i>Mañá collerémosche as mazás.</i>
<b>4.- Indefinido*, interrogativo, exclamativo, relativo.</b> Oracións introducidas por un indefinido (hai excepcións), relativo, interrogativo ou exclamativo:	<i>Alguén che debeu falar do asunto. Cantos me vas dar? Como me doe!</i>
<b>5.- Oracións desiderativas ou exclamativas sen QUE:</b>	<i>Mala centella te coma! Deus cho pague.</i>
<b>C) Ademais, hai que ter en conta:</b>	
<b>1.- Infinitivos</b> dependentes de preposición. O pronome pode ir enclítico ou proclítico	<i>Antes de o coller, dimo / Antes de collelo, dimo.</i>
<b>2.- Tematización / Énfase.</b> Cando se <u>tematiza</u> unha unidade que normalmente non introduce a oración ou se lle dá <u>énfase</u> ao suxeito, o pronome átono pode ir anteposto	<i>Dúas veces llo dixox / El o quixo así.</i>

<b>D) Perífrases verbais</b> <sup>19</sup> . Posibilidades:		
<b>1º verbo</b>	<b>2º verbo</b>	<b>3ª</b>
Foin <u>as</u> regalando ós amigos	Foi regalá <u>ndoas</u> ós amigos	
Hain <u>as</u> que coller	Hai que colle <u>las</u>	Hai que <u>as</u> coller.
Posibilidades se as perífrases van en calquera dos contextos do grupo B): (Poñemos ex. con B.2.- Partíc. negat.)		
<b>1º verbo</b>	<b>2º verbo</b>	<b>3ª</b>
Non <u>as</u> foi regalando ós amigos	Non foi regalá <u>ndoas</u> ós amigos	
Non <u>as</u> hai que coller	Non hai que colle <u>las</u>	Non hai que <u>as</u> coller

<sup>19</sup>Hai unha serie de construcións de verbo máis infinitivo ou xerundio que non son perífrases pero teñen un comportamento similar a estas. P.e. construcións do tipo QUERER + INFINITIVO e outras (que non son perífrases):

- Posibilidades: Quíxoas coller para min / Quixo collelas paramin.
- No caso das restricións expostas en B), seguen o comportamento das perífrases:  
Non as quixo coller para min / Non quixo collelas para min.

## INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS (CASTELANISMOS NO GALEGO).

- Confusión de TE/CHE (o castelán só posúe unha forma para CD e CI na P2). Nas zonas cheístas ou teístas pode deberse a dialectalismo.
- Uso de \*elo. A forma elo, documentada nos textos medievais, debe considerarse arcaísmo. No galego moderno debe utilizarse isto, iso, e non a forma \*elo, calco do ello castelán.
- Uso de EU no canto de MIN no segundo termo das comparacións: *\*corre máis ca eu*.
- O castelanismo \*se lle, é un calco do castelán se le, en secuencias como *\*a Pedro só se lle ve de noite*.
- Uso de lle por o en *\*saúdalle*, por *saúdao*.
- Interferencias da sintaxe castelá, que provocan erros na colocación do pronome: *\*cho digo en serio*.
- O galego fai un uso moito máis restrinxido dos pronomes reflexivos có castelán:

En galego o reflexivo funciona como CD, e son inadmisibles construcións reflexivas nas cales a acción se realiza sobre unha parte do suxeito: *\*laveime a cara*, *\*queimouse un unha man* (por *lavei a cara*, *queimou unha man*).

- Verbos que en galego admiten dúas formas (construción pronominal / non pronominal)→ Poden ter matizacións semánticas segundo o uso dunha ou outra construción.  
É distinto afogar que afogarse, marchar / marcharse. Cando non se ten en conta este matiz poden aparecer castelanismos: *\*marchouse ás tres e volveu ás catro*, (por *marchou*). En galego existe *marcharse*, pero o uso do pronome conleva longo período de ausencia. *\*El caeu e afogouse no río*: castelanismo, por *afogou*. Usar *afogouse* implica intencionalidade da acción.
- Verbos que non admiten nunca en galego a construción co pronome→ morrer, beber, casar, comer... O uso da forma reflexiva é un castelanismo: *\*bebeuse tres copas*, *\*casouse onte*.
- Verbos de movemento que, en galego, non admiten o pronome: *\*caeuse do tellado*, *\*non se baixou do coche*.
- Rexéitanse as construcións co reflexivo de interese, inexistente en galego: *\*non se merece iso* (*non merece*), *\*non mo creo* (*non o creo*). Non se admiten as construcións reflexivas con valor causativo: *\*quedouse coa volta*, *\*mercouse un coche*.

## OS DEMOSTRATIVOS

- Formas:

Masculino	este	ese	aquel	estes	eses	aqueles
Feminino	esta	esa	aquela	estas	esas	aquelas
Neutro	isto	iso	aquilo			

- Contraccións:

- Demostrativo + indefinido OUTRO:

Masculino: estoutro(s), esoutro(s), aqueloutro(s)

Feminino: estoutra(s), esoutra(s), aqueloutra(s)

- Contraccións coas preposicións DE, EN: contraen todas as formas do demostrativo, tanto as simples como as resultantes da concorrencia con "outro": deste, desta, destoutro..., neste, nesta, nestoutro...

- Usos e valores especiais dos demostrativos:

- a) Formas *aquel, aquela, aquelar*.

*Aquel, aquela.* Poden funcionar como substantivos para expresar algo pouco definido: *Entraba con aquel de señorío, Ten un aquel especial.*

*Aquelar.* Pode funcionar como verbo con significados diversos: *Aquelou a habitación.*

- b) *Daquela*. Dobre valor:

1.- Adverbio de tempo (=naquel tempo): *Daquela eramos moi novos.*

2.- Conxunción consecutiva (=polo tanto): *Fai frío, daquela quedamos na casa.*

- c) *Nisto, niso, nestas, nesas, con estas*.

Locucións adverbiais. Significado: de repente, inmediatamente despois.

*Nisto colleu a porta e marchou. Con estas colleu a porta e marchou.*

*A iso de* indica aproximación temporal. *Chegou a iso das cinco.*

- d) Frases feitas<sup>1</sup>: *por estas, con esas, iso si, iso xa.*

---

<sup>1</sup> Unha frase feita é unha expresión que ten forma fixa, sentido figurado e é de uso común pola maioría de falantes dunha comunidade lingüística.



## OS POSESIVOS

	Masculino sg.	Feminino sg.	Masculino pl.	Feminino pl.
1ª sg	meu	miña	meus	miñas
2ª sg	teu	túa	teus	túas
3ª sg	seu	súa	seus	súas
1ª pl	noso	nosa	nosos	nosas
2ª pl	voso	vosa	vosos	vosas
3ª pl	seu	súa	seus	súas

- **Posesivo de respecto.**

O galego conserva unha forma MI, usada cos sustantivos padre, madre.  
Ocasionalmente pode usarse cos substantivos tío, señor, amo: *Mi padre; mi madre.*

- **Usos e valores especiais do posesivo.**

a) Pertenza exclusiva ou calidade propia por natureza: De meu, de teu, de seu, de noso, de voso, de seu.

*Ten casa de seu, comprouna o ano pasado. É simpático de seu.*

b) Posesivo distributivo: Cadanseu, cadansúas, cadanseus, cadansúas.

*Mercaron cadanseu bolígrafo e cadansúas libretas.*

c) Posesivo feminino precedido de certas locucións preposicionais ou adverbiais = pronome persoal precedido da preposición DE. *Pasou diante súa = (de)el.*

d) Afectividade, familiaridade: formas de 1ª persoa. *O noso Pedro é bo rapaz.*

e) Aproximativo: posesivo usado con numerais. *Ten os seus sesenta anos.*

f) Acción habitual: *Xa está coas súas historias.*

g) Locucións: os meus (a familia), facer das súas (trasmadas), volver ó seu (ó sitio adecuado)...

- **Uso de artigo ante posesivo.** Cf. esta cuestión en "O artigo"<sup>20</sup>

<sup>20</sup> Norma xeral: É obrigatorio o uso de artigo ante posesivo + nome: A nosa casa está aquí.

Excepcións: a) Nomes de parentesco. b) Vocativos e exclamativos: Meu Deus!; Escóita, meu amigo. Si, meu capitán; c) Títulos (referidos a seres únicos): Noso Señor, Súa Maxestade. d) Frases feitas: Meu dito, meu feito. e) Distributivos: Levou cada alumno seu premio. f) Outro determinante: Este meu amigo.

# NUMERAIS

## Cardinais

zero	<u>vinte e un / vinte e unha</u> <sup>21</sup>
un/unha	<u>vinte e dous / vinte e dúas</u> , etc.
<u>dous/dúas</u>	trinta
tres	trinta e un, trinta e unha, etc.
catro	<u>corenta</u>
cinco	cincuenta
seis	sesenta
sete	setenta
oito	oitenta
nove	noventa
dez	cen
once	<u>cento un, cento unha</u> , etc.
doce	<u>douscentos / duascentas</u>
trece	trescentos / trescentas
catorce	catrocentos / catrocentas
quince	cincocentos / cincocentas, quíñentos/ -as
<u>dezaseis</u>	seiscentos / seiscentas
<u>dezasete</u>	setecentos / setecentas
dezaioito	oitocentos / oitocentas
dezanove	novecentos / novecentas
vinte	mil

- Cento, millón, billón, trillón, aínda que expresan número, funcionan como substantivos, igual que ducia, decena, centena.
- Contraccións:  
Preposicións *de, en, con* + numeral *un/unha* → Restricións na preposición CON:  
A preposición CON non contrae co numeral pronominal (núcleo)<sup>22</sup>:

DE, EN, CON + numerais un, unha (DET) →	Equívocouse nunha resposta.
DE, EN + numerais un, unha (N) →	Con unha xa me abonda.

<sup>21</sup> Cando os numerais vinte, trinta, corenta..., noventa van seguidos da conxunción e, contraen na pronunciación a súa vogal final coa conxunción e nunha realización [E]: vinte e sete ["bintE"sEte], trinta e dúas ["trintE"Duas], oitenta e catro [oj"tEntE"katro].

<sup>22</sup> Os numerais un, unha, cando son adxectivos, contraen con de, en e con, da mesma maneira ca os artigos indeterminados. Pola contra, cando son pronominais, normalmente contraen coas preposicións en e de, pero non coa preposición con, da mesma maneira ca o indefinido un(s), unha(s): equívocouse nunha ou en dúas respostas; con unha xa me abonda.

## Ordinais

primeiro	décimo sétimo
segundo	décimo oitavo
terceiro	décimo noveno
cuarto	vixésimo
quinto	vixésimo primeiro
sexto	vixésimo segundo, etc.
<u>sétimo</u>	trixésimo
<u>oitavo</u>	cuadraxésimo
noveno	quincuaxésimo
décimo	sesaxésimo
undécimo / décimo primeiro	septuaxésimo
<u>duodécimo</u> / décimo segundo	octoxésimo
décimo terceiro	nonaxésimo
décimo cuarto	centésimo
décimo quinto	milésimo
décimo sexto	millonésimo

- Todas estas formas admiten morfemas de xénero e número, que nas formas compostas só se unen ao último elemento (décimo primeira).

## Multiplicativos

<u>dobre</u> ; <u>duplo</u> , <u>dupla</u>	séptuplo, séptupla
<u>triplo</u> , <u>tripla</u>	óctuplo, óctupla
cuádruplo, cuádrupla	nónuplo, nónupla
quíntuplo, quintupla	décuplo, décupla
séxtuplo, séxtupla	céntuplo, céntupla

- Os restantes fórmanse mediante o cardinal correspondente seguido da palabra *veces*.

## Partitivos

medio, -a	noveno, -a
<u>terzo</u> , -a	décimo, -a
cuarto, -a	onceavo, -a
quinto, -a	doceavo, -a
sexto, -a	centésimo, -a
<u>sétimo</u> , -a	milésimo, -a
<u>oitavo</u> , -a	millonésimo, -a

- Nótase que a partir de 1/11 (e exceptuados 1/100, 1/1000, 1/1.000.000) o partitivo faise engadindo ao cardinal o sufixo -avo: (1/16) un dezaseisavo, (2/29) dous vinte e noveavos, (7/345) sete trescentos corenta e cincoavos.
- Metade -aínda que expresa fracción- é un substantivo.

## INDEFINIDOS

**Cuantificadores** indefinidos: son indefinidos respecto da cantidade.

VARIABLES	abondo algún ambos entrambos bastante demasiado moito ningún pouco tanto todo un varios	abonda algunha ambas entrambas  demasiada moita ningunha pouca tanta toda unha varias	abondos algúns  bastantes demasiados moitos ningúns poucos tantos todos uns	abondas algunhas   demasiadas moitas ningunhas poucas tantas todas unhas
INVARIABLES	algo alguén ben cada <u>cadaquén</u> máis menos nada ninguén <u>ren ou res</u>			

**Identificadores:** indefinidos respecto da calidade ou da identidade.

VARIABLES	certo determinado mesmo outro propio tal	certa determinada mesma outra propia	certos determinados mesmos outros propios tales	certas determinadas mesmas outras propias
	o demais o máis	a demais a máis	os demais os máis	as demais as máis
INVARIABLES	calquera <u>quenquera</u>			

## Contraccións

- ALGÚN / OUTRO

	ALGÚN	ALGUNHA	ALGÚNS	ALGUNHAS
DE	dalgún	dalgunha	dalgúns	dalgunhas
EN	nalgún	nalgunha	nalgúns	nalgunhas

	OUTRO	OUTRA	OUTROS	OUTRAS
DE	doutro	doutra	doutros	doutras
EN	noutro	noutra	noutros	noutras

- UN(S), UNHA(S)

O indefinido un(s), unha(s) compórtase, nas contraccións, como o numeral un(s), unha(s).

Preposic. *de, en, con* + indefinido *un(s)/unha(s)* → Restricións na preposición CON:  
a preposición CON non contrae co indefinido pronominal (núcleo)<sup>23</sup>:

DE, EN, CON + indef. un(s), unha(s) (DET) →	Casou cun rapaz de Sarria.
DE, EN + indef. un(s), unha(s) (N) →	Tanto a vías con un coma con outro.

---

<sup>23</sup> Cando actúa como adxectivo, presenta as mesmas contraccións ca o artigo indeterminado: *falounos duns problemas que non demos entendido; casou cun rapaz de Sarria*. Cando se usa como pronominal xeralmente represéntase a contracción coas preposicións *de* e *en*, dando lugar ás formas *dun(s), dunha(s), nun(s), nunha(s)*: *están sempre a falar mal dun; a resposta hai que buscala nun mesmo*; por contra, non se representa na escrita a contracción coa preposición *con*: *tanto se comprometía con un coma con outro; cada domingo ía ao teatro con unha, nunca o viamos coa mesma rapaza*.

## RELATIVOS, INTERROGATIVOS, EXCLAMATIVOS.

RELATIVOS	INTERROGATIVOS, EXCLAMATIVOS	ADVERBIOS INTERROGATIVOS
QUE	QUE	
QUEN	QUEN	
CAL / CALES	CAL/CALES	
CANTO/A/OS/AS	CANTO/A/OS/AS	CANTO inmoviliz. x1 n1
ONDE (Relativo adverbial)		ONDE
CANDO (Relativo adverbial)		CANDO
COMO (Relativo adverbial)		COMO
CUXO <sup>24</sup>		

**QUEN** Valor especial en construcións como "Non é quen de facelo" (Non é capaz). Non admite plural: *Eles son quen saben o que hai que facer.*

**CANTO** Pode ser:

a) Relativo → *Colecciona pipas, e merca cantas atopa.*

b) Interrogativo / Exclamativo → Admite variación de xénero e número. Funciona como:

DET: *Cantos cartos tes? Cantos cartos tes!*

N: *Cantos tes? Cantos tes!*

c) Adverbio → Inmovilizado en xénero e número: *Canto choveu onte!*

**ONDE, CANDO, COMO:** relativos adverbiais. Reciben esta denominación porque dentro da cláusula subordinada se comportan como adverbios.

**Acentuación.** Os interrogativos e exclamativos non se acentúan nas interrogativas e exclamativas directas nin nas indirectas:

*Que queres? Canto val?, Que queres!, Canto val!*

*Dime que queres; Non sabes canto lle costou; Dime onde está.*

En caso de **ambigüidade**, de ser necesario, poderían acentuarse as interrogativas indirectas: *Dime que queres / Dime qué queres.*

<sup>24</sup>Do latín CUIUS. Admítese nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG, ILG).

## O VERBO

- 1.- CONSTITUÍNTES.
- 2.- CONXUGACIÓN DOS VERBOS REGULARES E IRREGULARES.
- 3.- PARTICIPIOS IRREGULARES.
- 4.- INFINITIVO CONXUGADO.
- 5.- PERÍFRASES VERBAIS.

### 1.- CONSTITUÍNTES.

RAÍZ +	VOGAL TEMÁTICA <sup>25</sup> +	MORFEMAS <sup>26</sup> Morfemas constitutivos: SMT, SNP <sup>27</sup> Morfemas derivativos: prefixos, sufixos
--------	--------------------------------	---

**CATEGORÍAS VERBAIS<sup>28</sup>: Valores e usos de tempo, modo, aspecto.** Cf. Rodeira ou exercicios verbo.

<sup>25</sup>TEMA:RAÍZ (lexema) + VT (vogal temática)

Tema de presente (T) = R + VT nas seguintes formas: Presente indicativo, imperfecto indicativo, presente subxuntivo, futuro indicativo, condicional, imperativo, infinitivo conxugado.

Tema de perfecto (T') = R+VT nas seguintes formas: Pretérito perfecto (dix-e-n), pluscuamperfecto indicativo (dix-e-ra), imperfecto subxuntivo (dix-e-se), futuro subxuntivo (dix-e-r).

<sup>26</sup>Considérense as palabras simples, compostas, derivadas e parasintéticas.

<sup>27</sup>SMT: Morfema modo-tempo. SNP: morfema número-persoa.

<sup>28</sup> Categorías verbais → Tempo, modo, aspecto, voz, número e persoa.

Voz: Indica se o suxeito gramatical executa ou recibe a acción. Distínguese entre voz activa (suxeito gramatical como axente), voz pasiva (suxeito gramatical como receptor da acción verbal): Os turistas contemplan o monumento / O monumento é contemplado polos turistas.

	RAÍZ	VT	SMT	SNP
PRESENTE INDICATIVO	cant-	ø, a	ø	-o
	deb-	ø, e	ø	-s
	part-	ø, e, i	ø	-ø
				-mos -des -n
IMPERFECTO INDICATIVO	cant-	a	ba	-ø
	deb-	i	a	ídem
	part-	i	a	
PRESENTE SUBXUNTIVO	cant-	ø	e	-ø
	deb-	ø	a	ídem
	part-	ø	a	
FUTURO INDICATIVO	cant-	a	rá /ré	-i
	deb-	e	rá /ré	ídem
	part-	i	rá /ré	
CONDICIONAL	cant-	a	ría/riá	-ø
	deb-	e	ría/riá	ídem
	part-	i	ría/riá	
IMPERATIVO	cant-	a	ø	-ø
	deb-	e	ø	-de
	part-	i	ø	
PLUSCUAMPERFECTO INDICAT	cant-	a	ra	-ø
	deb-	e	ra	ídem
	part-	i	ra	
IMPERFECTO SUBXUNTIVO	cant-	a	se <sup>30</sup>	-ø
	deb-	e	se	ídem
	part-	i	se	
INFINITIVO CONXUG / FUTURO SUBX.	cant-	a	r/re	-ø
	deb-	e	r/re	ídem
	part-	i	r/re	
PRETÉRITO			AMÁLGAMA SMT+SNP	
	cant-	e, a, o		-i, -n
	deb-	i, e		-ches
	part-	i		-u
				-mos
				-stes -ron

<sup>29</sup> Formas amodotemporais: Presentan morfema aspectual (MA): -r (MA infinitivo), -ndo (MA xerundio), -do (MA participio).

<sup>30</sup> Acentuación de P4 e P5:

- P4 e P5 imperfecto de subxuntivo: *andásemos, andásedes*.
- P4 e P5 pretérito imperfecto: *andabamos, andabades*; pluscuamperfecto: *andaramos, andarades*; futuro hipotético: *andariamos, andariades*.



## 2.- CONXUGACIÓN DOS VERBOS REGULARES E IRREGULARES<sup>31</sup>

- Estudo do paradigma dos verbos regulares e irregulares → Cf. fotocopias (anexo) ou libro de texto (*Lingua e Literatura I*, Rodeira, pp.308-311). Debe prestarse atención a:

- VT (vogal temática) do pretérito perfecto na 2<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup> conxugación.

2 <sup>a</sup> conxug.	varrín	varriches	varreu	varremos	varrestes	varreron
3 <sup>a</sup> conxug.	partín	partiches	partiu	partimos	partistes	partiron

- P5 pretérito perfecto: terminación –STES → amastes, comestes, partistes.

- Acentuación:

P4 / P5	P4 / P5
Imperfecto indicativo, pluscuamperfecto, condicional.	Imperfecto subxuntivo.
<i>Andabamos, andabades / Andaramos, andarades / Andariamos, andariades</i>	<i>Andásemos, andásedes</i>

P3 pretérito perfecto 3 <sup>a</sup> conxugación: atención aos verbos rematados en –aír, -oír, -uír:	
<i>Partiu, subiu</i> (sen til)	<i>Saíu, oíu, instruíu</i> (de <i>saír, oír, instruír</i> ) → con til.

P4 / P5 pretérito imperfecto verbos rematados en –aer, -oer, -aír, -oír, -uír:
<i>Caíamos/des, moíamos/des, saíamos/des, oíamos/des, incluíamos/des.</i>

- Os verbos rematados en –aer, -oer –aír, -oír son regulares, pero intercalan un -i- na P1 do presente de indicativo e en todo o presente de subxuntivo<sup>32</sup>. Cf. nota final<sup>B</sup>.

-AER		-OER		-AÍR		-OÍR	
Presente indicativo	Presente subxuntivo	Presente indicativo	Presente subxuntivo	Presente indicativo	Presente subxuntivo	Presente indicativo	Presente subxuntivo
caio	caía	moio	moía	saio	saía	oio	oía
caes	caías	moes	moías	saes	saías	oes	oías
cae	caia	moe	moia	sae	saia	oe	oia
caemos	caíamos	moemos	moíamos	saímos	saíamos	oímos	oíamos
caedes	caíades	moedes	moíades	saídes	saíades	oídes	oíades
caen	caían	moen	moían	saen	saían	oen	oían

Atención ao imperfecto de indicativo destes verbos (diérese en P4 e P5):

caía
caías
caía
<u>caíamos</u>
<u>caíades</u>
caían

moía
moías
moía
<u>moíamos</u>
<u>moíades</u>
moían

saía
saías
saía
<u>saíamos</u>
<u>saíades</u>
saían

oía
oías
oía
<u>oíamos</u>
<u>oíades</u>
oían

Atención ao acento no perfecto dos verbos rematados en –aír, -oír: saíu, oíu (con til).

<sup>31</sup> **Valores.** Cf. libro de texto ou apuntamentos (páxs. seguintes).

<sup>32</sup> Os verbos rematados en en -aer, -oer, -aír, -oír: *Caer, (decaer, recaer), oír (desoír, entreoír), saír (sobresaír)*, os derivados de *traer (atraer, distraer...)*, etc., son regulares, pero intercalan un -i- sen valor morfolóxico entre a raíz e a desinencia, cando esta empeza por o ou por a.

- Os verbos rematados en **-uír, -ecer, -ucir** son regulares en galego.

- **uír**: constituír, construír, contribuír, destruír, substituír, distribuír, restituír, concluír, incluír...
- **ecer**: agradecer, coñecer, crecer ...
- **ucir**: conducir, producir, inducir, aducir, traducir, seducir...

	Presente indicativo	Presente subxuntivo	Pretérito perfecto	Pluscuamperfecto	Imperfecto Subxuntivo
<b>-uír</b>	constrúo constrúes constrúe...	constrúa constrúas constrúa...	construíñ construíches construíu...	construíra...	construíse...
<b>-ecer</b>	agradezo conduces conduce...	agradeza agradezas...	agradecín...	agradecera...	agradecese...
<b>-ucir</b>	conduzo conduces conduce...	conduza conduzas conduza...	conducín conduciches conducíu...	conducira conduciras...	conducise conducises...

Acentuación verbos en -uír: Cf. nota pé de páxina<sup>33</sup>.

- Verbos con alternancia vocálica no presente de indicativo (cf. libro de texto Rodeira):

- Alternancia e / è: modelo ferver → fervo, **fèrves, fèrve**, fervemos, fervedes, **fèrven**. Seguen este modelo: beber, defender, entender, erguer, esquecer, exprimer, feder, fender, ferver, meter, premer, prender, remexer, render, rexe, renxer, tender, temer, tremar, vencer, verquer, xemer.
- Alternancia o / ò: modelo coller → collo, **còlles, còlle**, collemos, colledes, **còllen**. Seguen este modelo: comer, coser, correr, cocer, coller, chover, doer, escorrer, morrer, morder, moer, mover, ocorrer, percorrer, roer, romper, sorber, toller.
- Alternancia i / è: modelo seguir → sigo, **sègues, sègue**, seguimos, seguides, **sèguen**. Seguen este modelo os seguintes verbos: conseguir, ferir, mentir, seguir, sentir, servir.
- Alternancia u / ò: modelo durmir → durmo, **dòrmes, dòrme**, durmimos, durmides, **dòrmen**. Seguen este modelo os seguintes verbos: acudir, bulir, consumir, cubrir e derivados, cumprir, cuspir, durmir, engulir, fundir, fuxir, lucir e derivados, muxir, ruxir, pulir, subir, sufrir, sumir, tusir, ulir, xunguir, xurdir.
- Alternancia i / e: modelo advertir → advirto, advirtes, advirte, advertimos, advertides, advirten. Seguen este modelo: divertir, medir, pedir, preferir, vestir...

- Verbos con irregularidade no tema de perfecto.

Certos verbos presentan T' -tema específico de perfecto- nos seguintes tempos verbais: pretérito perfecto (couben), pluscuamperfecto indicativo (coubera), imperfecto subxuntivo (coubese), futuro subxuntivo (couber).

T': COUB-, DIX-, ESTIV-, FIX-, HOUB-, PUID-, PUX-, QUIX-, SOUB-, TIV-, TROUX-.

Derivados:

- Semanticamente motivados: conxugación irregular segundo o primitivo → bendicir, refacer, entreter, prever, contravir...
- Semanticamente inmotivados: conxugación regular → compracer, abstraer...

<sup>33</sup> Acentuación dos verbos rematados en -uír.

Imperf. Indicat → Incluía, incluías, incluía, incluíamos, incluíades, incluían.  
 Perfecto → Incluín, incluíches, incluíu, incluímos, incluístes, incluíron.  
 Atención: incluíu (con til), pero partiu, subiu.

- **Infinitivo conxugado / Futuro de subxuntivo. Cf. nota final<sup>C</sup>.**

Nos verbos regulares coinciden as formas do infinitivo conxugado e do futuro de subxuntivo.

Nos verbos que presentan irregularidade no tema de perfecto varía o radical:

Infinitivo conxugado	facer	faceres	facer	facermos	facerdes	faceren
Futuro subxuntivo	fixer	fixeres	fixer	fixermos	fixerdes	fixeren

- **Segmentación<sup>34</sup>.**

### 3.- PARTICIPIOS IRREGULARES.

Alguns verbos teñen dobre forma para o participio: unha regular e outra irregular. Normalmente, a primeira emprégase en función verbal e a segunda como adxectivo.

acender	acendido	aceso
bendicir	bendicido	bendito
calmar	calmado	calmo
cansar	cansado	canso
coller	collido	colleito
chocar	chocado	choco
describir	descrito	descrito
distinguir	distinguido	distinto
envolver	envolvido	envolto-envolveito
espertar	espertado	esperto
enxugar	enxugado	enxoito
fixar	fixado	fixo
fartar	fartado	farto
gastar	gastado	gasto
limpar	limpado	limpo
maldicir	maldicido	maldito
nacer	nacido	nado
pagar	pagado	pago
pechar	pechado	pecho
prender	prendido	preso
quentar	quentado	quente
resolver	resolvido	resolto
salvar	salvado	salvo
secar	secado	seco
tinxir/guir	tinxido/guido	tinto
torcer	torcido	torto

Cf. rendemento en perífrases verbais destas formas.

<sup>34</sup> Estabámolo pasando todos ben Segmenta os constituíntes morfolóxicos das palabras que integran esta oración e identifica o valor de cada un deles. Non se considerará resposta completa indicar, p. ex., “ba: sufixo (ou morf. flex.) de tempo e modo”; debe especificarse: “sufixo (ou morf. flex.) de tempo e modo: pret. imperfecto de indicativo”.

Actividades. Segmenta nos seus constituíntes as seguintes formas verbais:

calade, facermos, espíuse, fixermos, sairades, colliades, sacara, explicase, perdera, tecemos, traio, trouxemos, dicirdes, vivía, vería, estaríamos, xogaron, lavabas, miraremos, estude, parto, sae, viva, dixera, saísemos, vive, moio, debas, cantardes, xogou, collín, ameí, xogarei, moín, estiveches, partiu, deches, houberon, viñeches, fuches, queiramos, viñestes, quero, dermos, leva, parides, pairan, pairo, vexo, ves, había, vallo, valla, vales, estea, estou, estaba, estiven, dea, teña, veña, tes, tiven, esteas

## 4.- INFINITIVO CONXUGADO.

### I.- NON PODE USARSE INFINITIVO CONXUGADO NOS SEGUINTE CASOS:

- a) **Perífrase verbal (Auxiliar + \*INF).**  
Non pode usarse cando o INF é o v. auxiliado: Temos que *marchar* xa.
- b) **Verbos modais (querer, poder, deber) + \*INF.**  
Non pode usarse cando o inf. está rexido por un verbo modal e ten o seu mesmo suxeito: *Podemos* (nós) *facelo* (nós) ben.
- c) **Verbos causativos (mandar, facer, deixar e sinónimos) ou de sentido (ver, sentir...) + ( ) + \*INF.**  
Non pode usarse cando o infinitivo está rexido por un verbo causativo ou de sentido e vén inmediatamente despois del. ou só separado por un pronome átono que é o suxeito  
Cf. nota <sup>35</sup>: *Deixas pasar* as horas e non acabas o traballo.
- d) **Sux. v. principal = Sux. do inf.**  
Non pode conxugarse o infinitivo cando ten o mesmo suxeito que o verbo do que depende, ou está separado del só por unha preposición esixida polo rexime do verbo:  
Non vos *esquezaades* (vós) *de cerrar* (vós) a porta.  
Excepcións: cf. IIIa, IIIb.

### II.- ÚSASE O INFINITIVO CONXUGADO:

- a) Sux. v. principal  $\neq$  Sux. do infinitivo (expreso).  
*Víronte* (eles) ó *sairmos* (nós) do cine.
- b) **Sux. v. principal  $\neq$  Sux. do infinitivo (non expreso: ambigüidade)**  
Cando o suxeito do infinitivo non está expreso, e convén marcalo para evitar ambigüidade:  
Agardo que o arranxes antes de voltar (sux. de voltar?: Nós)  $\rightarrow$  Agardo que o arranxes antes de *voltarmos*.

### III.- É USUAL A FORMA DO INFINITIVO CONXUGADO:

- a) **Orde: INF + V. principal; (SUX<sub>inf</sub>=SUX<sub>vp</sub>).**  
Cando, tendo o mesmo suxeito, o infinitivo vai antes do v. principal:  
Ó *saires* da casa *pecha* a porta.
- b) **Distancia: V. principal + (distancia) + INF ; (SUX<sub>inf</sub>=SUX<sub>vp</sub>).**  
*Marchamos* (nós) deste país, que tan ben nos tratou, para *voltarmos* (nós) ó noso.
- c) **INF en P3 plural: indica indeterminación do suxeito.**  
Botábanlle a culpa a el, pois non permitiu *prenderen* o ladrón.

<sup>35</sup> Verbos causativos. Equivalen a “provocou que”, “causou”. P.e.  
Pedro mandou saír a Luís  $\rightarrow$  Pedro provocou que Luís saíse / P. causou a saída de Luís.  
Pedro fixo saír a Luís  $\rightarrow$  Pedro provocou que Luís saíse / P. causou a saída de Luís.  
Pedro deixou saír a Luís  $\rightarrow$  Pedro provocou que Luís saíse / P. causou a saída de Luís.

Verbos de sentido. Son os verbos relacionados cos sentidos: sentir, oír, ver, escoitar, ulir, tocar, etc. P.e.  
Sentino xogar / Oíno xogar / Vino xogar  $\rightarrow$  O infinitivo (xogar) non podería conxugarse.

## 5.- PERÍFRASES VERBAIS.

- As perífrases verbais son complexos verbais formados por Verbo AUXILIAR + Verbo AUXILIADO. Entre eles pode aparecer un elemento de relación (preposición ou conxunción).
- Presentan unidade formal (funcionan como un único verbo).
- Verbo auxiliar: indica modo, tempo, número, persoa.  
Verbo auxiliado: inmovilizado en infinitivo, xerundio ou participio.
- Tipos de perífrases:

1.- TEMPORAIS	Futuridade e inminencia	Ir *Haber (de) Estar a / para *Querer	+ infinitivo
2.- MODAIS	Obrigación e hipótese	Haber (de) Hai que Ter que Ter de Deber (de) *Poder	+ infinitivo
3.- ASPECTUAIS			
3.1. Imperfectivas	Acción non rematada.	Estar Andar Levar Seguir Ir Vir	+ xerundio  + a + infinitivo <sup>36</sup>
3.2. Perfectivas	Acción rematada.	Acabar de Rematar de Deixar de *Vir de	+ infinitivo
		*Dar *Ter Levar *Haber	+ participio
3.3. Reiterativas	Repetición da acción.	Volver Ter	+ infinitivo + participio
3.4. Incoativas	Comezo da acción.	Comezar a Empezar a Botarse a Poñerse a Dar en Romper a	+ infinitivo
3.5. Terminativas	Fin da acción.	Chegar a Vir a Acabar por	+ infinitivo
4.- PASIVAS		Ser	+ participio

Perífrases verbais. Hai que memorizar:

- Tipo. Valor.
- Particularidades de certas perífrases: na páx. seguinte.

<sup>36</sup> A construción a+infinitivo equivale ás veces a un xerundio e denomínase **infinitivo xerundial**: *Estamos a apañar mazás* = *Estamos apañando mazás*.

PERÍFRASES VERBAIS			
TIPOS	VALOR	PERÍFRASES CON PARTICULARIDADES	
<b>TEMPORAIS</b>	Futuridade/Inminencia	Haber+de+inf	Pretérito: houben caer. Acción que estivo a piques de suceder pero que non sucedeu finalmente.
		Querer+inf	Fenómenos meteorolóxicos. Parece que quere chover.
<b>MODAIS</b>	Obrigación/Hipótese	Poder+inf	Só é perífrase cando indica probabilidade: Pode ter vinte anos = É probable que teña vinte anos.
<b>ASPECTUAIS</b>			
<b>- Imperfectivas</b>	Acción non rematada.		
<b>- Perfectivas</b>	Acción rematada	Vir+de+inf	Infinitivo: ten que ser un verbo de movemento. Luís vén de correr a maratón (equivale a acaba de correr). En caso contrario, a construción é incorrecta: *Veñen de publicar→ incorrecto.
		Dar+partic	Capacidade de realizar a acción: Non deu feito→ Non foi capaz de facelo.
		Ter+partic	Idea de reiteración. Se non en valor reiterativo, só pode usarse con infinitivo, condicional ou futuro: Ter, tería, terei + participio.
		Haber+partic	Só pode usarse houbera/houbese + partic. Debe equivaler ao plucumaperfecto de indicativo e ter valor de irrealidade. P.e. Se ti <u>houberas escoitado</u> non pasaría iso = Se ti <u>escoitaras</u> non pasaría iso.
<b>- Reiterativas</b>	Repetición da acción		
<b>- Incoativas</b>	Comezo da acción		
<b>- Terminativas</b>	Fin da acción		
<b>PASIVA</b>		Ser+participio	

## PERÍFRASES VERBAIS

<b>1.- TEMPORAIS</b>	Indican futuridade e inminencia.	
	Ir + inf	Futuridade: <i>Espabila que imos perder o tren.</i>
	Haber + (de) + inf	a) Futuridade: <i>Habemos perder o tren.</i> b) Acción que estivo a piques de realizarse pero non se realizou (cando se usa co pretérito perfecto): <i>Houben caer.</i>
	Estar a/para + inf	Acción a piques de suceder: <i>Esta para saír.</i>
	Querer + inf	Emprégase sobre todo con verbos referidos a fenómenos meteorolóxicos: <i>Parece que quere nevar.</i>

<b>2.- MODAIS</b>	Indican obrigación ou hipótese.	
	Haber + (de) + inf	Obrigatoriedade: <i>Todo ha (de) ter relación.</i> Hipótese: <i>Ha (de) ter cincuenta anos.</i>
	Hai + que + inf	Obrigatoriedade: <i>Hai que facelo.</i>
	Ter + que + inf	Obrigatoriedade: <i>Temos que facelo</i>
	Deber + (de) + inf	Obrigatoriedade: <i>Debes facelo.</i> Hipótese: <i>Debe de ter cincuenta anos.</i>
	Poder + inf	Só é perífrase cando indica "probabilidade": <i>Pode ter cincuenta anos.</i> (Equivale a "É probable ...").

<b>3.- ASPECTUAIS</b>	.	
<b>3.1.- Aspectuais imperfectivas</b>	Acción concebida na súa duración.	
	Estar + xerundio <sup>37</sup>	<i>Cando cheguei, estaban xogando / a xogar.</i>
	Andar + xerundio	<i>Anda mirando que pode facer.</i>
	Levar + xerundio	<i>Leva xogando todo o día.</i>
	Seguir + xerundio	<i>Seguían bailando despois de parar a música.</i>
	Ir + xerundio	Matiz: desenvolvemento gradual da acción. <i>O sol foi saíndo pouco a pouco.</i>
	Vir + xerundio	Similar á anterior. Pode ter valor terminativo: <i>Antón vén sendo o curmán de María.</i>
	.	
<b>3.2.- Aspectuais perfectivas</b>	Contemplan a acción como proceso concluído.	
	Acabar + de + inf Rematar + de + inf Deixar + de + inf	Acción como proceso concluído: <i>Acabou de comer.</i>
	Vir + de + inf	Só pode usarse cando o verbo auxiliado é un

<sup>37</sup> Pode usarse a + infinitivo → *Estaba xogando / Estaba a xogar.*

		verbo de movemento: remate dunha acción con idea de movemento. Cando non existe idea de movemento, non pode usarse esta construción. * <i>A editorial vén de publicar</i> : incorrecto (galicismo).
	Dar + participio	Matiz: Capacidade para realizar a acción expresada polo v. auxiliado. <i>Non deu feito os exercicios</i> .
	Ter + participio	Matiz: reiteración. <i>Xa mo teñen dito</i> . Se non ten este valor, debe evitarse esta construción <sup>38</sup> .
	Levar + participio	Matiz: reiteración. <i>Leva aturado moito</i> .
	Haber + participio	Non debe usarse esta construción en galego, agás en determinados casos <sup>39</sup> .
<b>3.3.- Aspectuais reiterativas</b>	Expresan reiteración da acción verbal (cf. punto 3.2: ter + participio)	
<b>3.4.- Aspectuais incoativas</b>	Refiren o proceso no seu comezo.	
	Comezar a + inf Empezar a + inf Botarse a + inf Poñerse a + inf Dar en inf Romper a + inf	<i>Comezou a chorar</i> <i>Empezou a chorar</i> Etc.
<b>3.5.- Aspectuais terminativas</b>	Acción que se achega ó término.	
	Chegar a + inf Vir a + inf Acabar por + inf	<i>Chegou a ser o mellor da clase</i> .

<b>4.- PASIVAS</b>	Voz pasiva	
	Ser + participio	<i>Foi feito polos alumnos</i> .

<sup>38</sup>Hai casos en que a construción ter+participio pode ser perífrase sen ter o valor reiterativo:

- Indicaría aspecto puramente perfectivo (equivalente ó *haber+participio* do castelán).
- Só podería conxugarse co v. auxiliar en infinitivo (ter), futuro (terei) ou condicional (tería).

<sup>39</sup>Só sería correcto o seu uso en galego, como perífrase, cando se cumpren estas tres condicións:

- Forma houbera/houbese + participio (o v. auxiliar ten que conxugarse en pluscuamperfecto indicat. ou en imperf. subxuntivo).
- Valor temporal: antepretérito (pluscuamperfecto indicativo).
- Valor modal: irrealidade.



## O ADVERBIO

- Función.

O adverbio é un vocabulo invariable que modifica:

- Un verbo: Chegou tarde.
- Un adxectivo: É moi interesante.
- Outro adverbio: Queda moi lonxe.
- Unha oración enteira: Sinceramente, non hai ningunha posibilidade.

- Clasificación. Atendendo ás nocións que expresan, os adverbios (e locucións adverbiais) poden ser de lugar, tempo, modo, cantidade...

De lugar	<p>á beira a carón a contramán a rente(s) abaixo acá acó acolá adiante aí alá alén “da outra banda” algures “nun lugar indeterminado” alí aló ao lado / ó lado ao pé / ó pé ao redor / ó redor aquén “nesta banda de aquí” aquí arredor arriba</p>	<p>atrás avante “adiante” cerca debaixo dentro derredor derriba detrás diante embaixo en fronte encima enriba fóra lonxe ningures “en ningunha parte” onde preto u? “onde?” velaí “presenta algo que está á vista” velaquí “presenta algo que está á vista” xalundes “noutra parte”</p>
De tempo	<p>a cada canto a cada pouco a deshora a destempo a diario a miúdo a tempo acotío agora aínda antano antes antes de antonte antonte ao outro día / ó outro día ao pouco / ó pouco ao raro / ó raro aos poucos / ós poucos arestora “neste momento preciso” arreo “sucesivamente, sen pausa” ás veces asemade</p>	<p>deica pouco deica un pouco deseguida deseguido despois detrás diante en diante en tempo endexamais endoutro día enseguida entón entrementes hogano “neste ano, nesta época” hoxe hoxe en día inda logo mañá mentres namentres</p>

	atrás axiña cando cedo cerca daquela de alí a pouco de aquí a pouco de camiño de cando en cando de cando en vez de momento de raro en raro de tempo en tempo de vez en cando decontado decontino “de forma seguida, sen interrupc.” decote “sempre” decotío “acotío, sempre”	noutrora nunca o outro antonte onte outrora para o outro día pasadomañá por veces pouco a pouco pouco e pouco preto pronto seguido sempre tarde trasantonte xa xacando “antano, noutrora” xamais
De cantidade e precisión	a medias <u>abondo</u> <u>algo</u> apenas <u>bastante</u> ben canto case casemente dabondo de máis de menos de sobra de todo <u>demasiado</u> de vez logo	<u>máis</u> malamente <u>medio</u> <sup>40</sup> <u>menos</u> mesmamente mesmo moi <u>moito</u> <u>nada</u> por aí <u>pouco</u> só soamente talmente tan <u>tanto</u> xustamente xusto
De modo	a correr a dereitas a eito “sen escoller, a feito” a escape a feito “todo seguido, sen excepción” á fin á mantenta “adrede” á présa a propósito a treo “de maneira desordenada, sen pensalo” adrede amodo ao cabo / ó cabo ao chou / ó chou ao dereito / ó dereito ao fin / ó fin	ben como de balde “gratis” de face “de fronte” de golpe de pronto de propósito de repente de socate “de golpe” de socato “de golpe” de súpeto devagar “con lentitude” en balde engorde “con lentitude” gratis mal

<sup>40</sup> O adv. medio porta (facultativamente) morfemas de concordancia cando incide sobre adxectivos:

*Luísa é medio parva / Luísa é media parva.*

Os adverbios todo (Álvarez considera todo adverbio, pero na relación de adverbios das *Normas RAG* non aparece) e medio son variables (no caso de medio, facultativo). Cf. Álvarez, p. 623.

Cf. Álvarez, Xove (2002: p. 624): considérase *TODO* adverbio cando equivale a totalmente: Marchou toda enfadada / Chegaron todos (totalmente) enfermos distinto de Chegaron todos (eles) enfermos.

	ao xeito / ó xeito ás prásas ás toas asemade “á vez; ao tempo” así	mellor paseniño “amodo” peor secasí “así como así”
De afirmación	abofé así mesmo de certo	si tamén xaora “sen dúbida”
De negación	nin non non xa	sequera tampouco
De dúbida	acaso ao mellor / ó mellor disque poida que quizabes	quizais se cadra se callar seica talvez

## DIFERENZAS ENTRE:

PREPOSICIÓNS LOCUCIÓNS PREPOSICIONAIS	ADVERBIOS LOCUCIÓNS ADVERBIAIS	CONXUNCIÓNS LOCUCIÓNS CONXUNTIVAS
Funcionan como enlace nunha FP, formada por enlace+término. O término será unha FN ou similares (substantivo, infinitivo, or. subordinada substantiva).	Modifican a: - Un verbo (como CC). - Un adxectivo: moi fácil. - Outro adverbio: moi facilmente. - Unha oración completa.	Introducen unha oración: son nexos.
	<b>INDEFINIDOS (algúns) NUMERAL medio</b>  Funcionan como N ou DET dunha FN. Cf. nota pé de páxina <sup>41</sup> .	

<sup>41</sup> Adverbios (cf. adv. de cantidade subliñados) que coinciden na forma con outras clases de palabras:

- Cf. *abondo, algo, bastante, demasiado, máis, menos, moito, nada, pouco, tanto* cos indefinidos.
- Cf. *medio* cos numerais.

Non deben ser confundidos: podemos diferenciarlos pola **función sintáctica** que desempeñan.

Estou algo canso → Algo é adverbio: modifica un adxectivo (canso).

Dame algo bo → Algo é indefinido (os indefinidos funcionan como N ou DET nunha FN).

### ADVERBIOS ↔ INDEFINIDOS

	ADVERBIO	INDEFINIDO
ABONDO DABONDO	Xa pensamos dabondo. É grande abondo. Queda lonxe dabondo.	Non ten cartos abondos para comer. A billa non bota auga abonda.
ALGO	Notou algo a calor destes días. O neno está algo triste. A praia queda algo lonxe.	Algo falla.
BASTANTE	Pensamos bastante. Está bastante triste. Foi bastante lonxe.	Teño bastante roupa. No traías máis libros, teño bastantes.
DEMASIADO	Correu demasiado. Está demasiado triste. Foi demasiado lonxe.	Bebe demasiado viño.
MÁIS	Non leas máis. É máis vella. Vén máis aquí.	Non me botes máis grelos. Onte comiches máis patacas ca min, pero hoxe comín eu máis.
MENOS	Quere vivir menos. Está menos canso. Ponte menos atrás.	Durmín menos horas.
MOITO (MOI)	Corría moito. Estaba moi vello. Viña desde moi lonxe.	Teño moitos libros. Teño moitos.
NADA	Non me gusta nada a súa actitude. Non é nada guapa. A casa non está nada cerca.	Non quero nada.
POUCO	Correu pouco. Eran pouco espabilados. Chegou pouco arriba.	Teño poucos libros. Teño poucos.
TANTO (TAN)	Non corras tanto. Non está tan enfermo. Nunca chegou tan cedo.	Non se que fai con tantos cartos. Gústalle os figos, e hai tantos...
TODO	Marchou toda enfadada. Marcharon todos enfadados. (= totalmente). Siga todo recto. (= totalmente). Vive arriba de todo. (= totalmente)	Todos os homes son mortais. Todos son mortais.

### ADVERBIO ↔ NUMERAL

	ADVERBIO	NUMERAL
MEDIO	Parece medio/media parva.	Leu medio libro.

Cf. Álvarez, Xove (2002: p. 624) para exercicios.

## A PREPOSICIÓN

### 1.-Definición.

- Vocábulo invariable que ten por FUNCIÓN servir de NEXO entre un elemento sintáctico e o seu complemento.
- Pode ser marca de función de CD, CI...
- É o **enlace** nunha frase preposicional (FP).  
Esta FP pode funcionar como MOD, CD, SUPL, CI, CC, C. Axente. O término está formado por unha FN, unha cláusula subordinada de substantivo ou un infinitivo.

MOD: casa **con papel**/Viño do Ribeiro/Difícil de ler/Experto en política...

CD: Vin a Pedro/...

SUPL: Tirou con el/Falou de política/Mallou nel/Espera por el...

CI: Trúxoaa para Rosa...

CC: Fun a Cangas, Lévaoo ó lombo/ Morría coa sede/ Pagou con tarxeta/ Vive cos pais/...

CA: Feito por min/ Querido de todos

- Pode formar parte de **locucións adverbiais** (ó xeito, de seguida) ou de **locucións preposicionais** (antes de, sobre de). Tamén pode ser o elemento que conecta o verbo auxiliar e o auxiliado nunha **perífrase** (estar a xogar).

### 2.- Principais preposicións.

Debe prestarse atención ás formas en negriña (na escrita), ás marcadas con \* (restricións no uso), e ás marcadas con + (significados especiais).

A	Durante
<b>Agás</b> = <b>bardante</b> = <b>excepto</b> = <b>fóra</b> = <b>menos</b> =	En
<b>quitando</b> = <b>sacado</b> = <b>salvado</b> = <b>salvante</b> =	Entre
<b>salvo</b> = <b>tirante</b>	<b>+Malia</b>
Ante	Mediante = "por medio de"
<b>Ata</b> = <b>até</b>	<b>+Onda</b>
Baixo	Para
<b>+Canda</b>	<b>*Perante</b>
Con	<b>Sen</b>
<b>Conforme</b> = <b>segundo</b> = <b>consonte</b> = "de acordo con"	<b>+Sinte</b>
+Contra	<b>+So</b>
<b>De</b>	Sobre
<b>*Deica</b>	Tras
<b>Dende</b> = <b>desde</b>	<b>+Xunta</b>

As formas marcadas con asterisco (\*) **DEICA**, **PERANTE** presentan restricións no uso:

**DEICA**: Diferénciase de "ata" en que o seu uso é máis restrinxido. Indica "de aquí –tempo ou lugar- ata..." (expresa o límite no espazo ou no tempo a partir dun punto de orixe dado): Marcho e non volvo deica luns. Sería incorrecto: *\*Comeu deica rebentar*.

**PERANTE**: Diferénciase de "ante" en que o seu uso á máis restrinxido. Indica sempre "en presenza de": *Realizou a declaración perante o notario*.

As formas marcadas con (+) **CANDA**, **ONDA**, **XUNTA**, **CONTRA**, **MALIA**, **SINTE**, teñen significados especiais:

- CANDA:** Simultaneidade na acción. Empezou a traballar canda min. (ó mesmo tempo ca min)
- CONTRA:** Ademais de oposición (Bateu contra outro coche), indica unha aproximación no espazo e no tempo: Chegará contra as catro (aproximadamente ás catro), Oleiros queda contra A Coruña.
- ONDA:** Indica lugar. Concorre coas locucións ó lado de, á beira de .....Vén onda min.
- XUNTA:** Similar a onda.
- MALIA:** Valor concesivo de "a pesar de". Vive coma un pobre, malia os cartos que ten.
- SINTE:** "Ademais de". Suspendeu unha máis, sinte as que levaba suspensas.
- SO :** "Baixo", pero restrinxido a usos máis literarios.

### 3.- Preposicións e locucións prepositivas.

a á beira de a carón de “ao lado de” a causa de a diferenza de a forza de a par de á parte de a pesar de a poder de a por de a prol de a rente(s) de “ao mesmo nivel de” a respecto de a través de abaixo de acerca de ademais de aga “agás” agás alén de amais de ante antes de ao par de / ó par de ao pé de / ó pé de ao redor de / ó redor de aquén de “nesta banda de aquí” arredor de arriba de ata até atrás de baixo baixo de bardante “con excepción de” bardante de beira de cabo cabo de canda	canto a cara a cas “na casa de “ cas de cerca de cima de co gallo de “con motivo de” con con respecto a conforme (a) consonte “segundo” contra contra de de de par de debaixo de deica dende dentro de derredor de derriba de des “desde” desde despois de detrás de diante de durante en en canto a en favor de en fronte de en lugar de en par de en troques de en vez de encima de encol de enriba de entre excepto	fóra fóra de fronte a lonxe de malia mediante menos no canto de onda para perante por por ante por causa de por cousa de por culpa de por medio de por mor de preto de quitando respecto a respecto de riba de sacado sacando salvante salvo segundo sen senón so sobre sobre de tocante a tras tras de verbo de xunta xunto a xunto de
---	---	--

**\*encol de→** (~sobre, con restricións). “Encol de”: Nun lugar superior con respecto a outra cousa con que está en contacto físico.

## A CONXUNCIÓN.

### Conxuncións e locucións conxuntivas.

Copulativas	a mais e e mais	mais nin
Disxuntivas e distributivas	ben...ben cal...cal nin...nin ora...ora ou	ou...ou (que)...que quer...quer volta...volta xa...xa
Adversativas	a menos que aga que agás que agora ben agora que aínda que así e todo bardante que “con excepción de que” con todo e iso que emporiso en troques excepto que fóra de que inda que	mais menos que mentres (que) no entanto non obstante ora ben ora que pero porén “a pesar de; así e todo” por iso quitado que, quitando que sacado que, sacando que senón senón que só que
Concesivas	a pesar de que a pouco que aínda que así ben que inda que máis que mal que	malia que mesmo que nin que por (+ adx.) que por máis que por moito que por pouco que
Condicionais	a menos que a nada que a non ser que a non ser se a pouco que aga que aga se agás que agás se bardante que cando caso de que catar se “excepto se; a non ser se” con que con tal de que con tal que de non ser que de non ser se	en caso de que excepto que excepto se onda non quitado que quitado se quitando que quitando se sacado que sacado se sacando que sacando se salvo que salvo se se sempre que senón que
Causais	como como queira que dado que pois pois que por causa de que por cousa de que	por culpa de que por mor de que porque posto que que visto que xa que

Consecutivas	(así) pois (así) que conque daquela de aí que de forma que de maneira que de modo que	de xeito que entón logo polo tanto por conseguinte por tanto tan(to)... que xa que logo
Finais	a fin de que a que en favor de que	para que porque que
Locativas	onde	onde queira que
Temporais	antes de que antes que ao que / ó que apenas asemade así que ata que até que axiña que cada vez que cando cando queira que decontado que “enseguida que” deica que dende que des que desde que deseguida que	despois de que despois que en canto en tanto entre tanto entrementes inda ben non logo que mal mentres mentres tanto namentres non ben (por) en canto sempre que tan presto tan pronto
Modais	(así) como ben como coma se como queira que como se conforme consonte de forma que de maneira que	de modo que de xeito que mal como segundo sen que (tal) cal (tal) como tal e como
Comparativas	ca coma	como que
Completivas	que	se



## ERROS FRECUENTES

Acentuación.	Apuntamentos Fonética-Fonoloxía / Ortografía. 1.- Acentuación de agudas, graves e esdrúxulas. P.e. <i>papeis, noiés // bíceps</i> . 2.- I, U (ditongo/hiato). P.e. <i>saída, Raúl, xuíz</i> . 3.- Algunhas consideracións. 4.- Til diacrítico.
Maiúsculas.	Apunt. FF-Ortografía.
Puntuación.	Apunt. FF-Ortografía.
Signos de interrog. admirac.	Ao final do enunciado. <i>Quen é? Que dis!</i>
H / B / V.	Apunt. FF-Ortografía.
Grupo CT, CC.	Atención ás seguintes secuencias: <i>ICT, UCT, ICC, UCC</i> → <i>IT, UT, IC, UC</i> . Suprímese a primeira consoante cando vai precedida das vogais <i>i, u</i> : <i>conflito, estrutura, vitoria, vítima...</i> Excepcións: <i>adición, adicto, convicción, convicto, deíctico, dicción, dúctil, ductilidade, edicto, ficción, ficticio, fricción, friccionar, ictericia, invicto, micción, pictórico, succión, succionar, veredicto</i> e algunhas palabras máis, de linguaxes especializadas, infrecuentes na fala.
Terminacións -cio, -cia, -zo, -za.	Admítase <i>Galiza</i> (e <i>Galicia</i> ). Amplíase a relación de voces con -zo, -za: <i>diferenza, espazo, estanza (estrofa), graza, licenza, nacenza, novizo, perseveranza, presenza, querenza, sentenza, servizo, terzo</i> .
Castelanismos.	Castelanismos léxicos, morfolóxicos e sintácticos.
Substantivos.	Atención ao feminino das palabras rematadas en <i>-án, -ano, -ón</i> . Xénero dos substantivos invariables (p.e. <i>leite, liñaxe...</i> ). Nomes de árbores. <i>O cal/a cal, o fin/a fin. O/a personaxe. O fantasma/a pantasma</i> . Formación do plural, especialmente en casos como <i>tabú</i> , palabras rematadas en <i>-l, álbum...</i>
Como / coma Ca / (do) que.	Uso de <i>como/coma</i> . Uso de <i>ca/(do) que</i> . Uso exclusivo de “ <i>como</i> ”. Expresións “ <i>coma se, coma quen, coma cando</i> ”.
Ca + artigo.	CA + artigo → <i>ca o, ca a, ca os, ca as</i> . Tamén se admite a contracción. CA + preposición A + artigo: Prefiro ir ó campo ca ó~ao monte / ca á montaña / ca ó~aos montes / ca ás montañas.
Pronome persoal.	Uso de <i>te/che</i> . Colocación do pronome átono. Interferencias lingüísticas (castelanismos no galego): “ <i>Morfoloxía</i> ”, p. 15.
Poseivos.	Uso de artigo ante posesivo: cfr. p. 10 “ <i>Morfoloxía</i> ”.
2ª forma do artigo.	A 2ª forma do artigo ( <i>-lo, -la, -los, -las</i> ), só é obrigatoria despois da preposición <i>por</i> e do adverbio <i>u</i> . Nos demais casos o uso é facultativo. <i>Por: Vai polo camiño.</i> <i>U: U-lo libro?</i> Recordade: Escríbese <i>Todos os, tras os, máis os...</i> Pronúnciase [tódolos, tralos, mailos...].
Numerais.	Atención ás formas subliñadas ( <i>Morfoloxía</i> , pp. 18-19).
Indefinidos.	Atención ás formas subliñadas ( <i>Morfoloxía</i> , p. 20).
Relativos/Interrog.	A forma <i>quen</i> é invariable: non existe en galego * <i>quenes</i> .
Verbos.	Conxugación formas regulares e irregulares. En galego non hai tempos compostos. Verbos rematados en <i>-aer, -oer -áír, -oír</i> . Verbos rematados en <i>-uír, -ecer, -ucir</i> . Verbos con alternancia vocálica no presente de indicativo. Perífrases verbais: Vou + infinitivo (non leva <i>a</i> ).
Adverbios e locucións adverbiais.	Incorrecto → * <i>entonces, *alomenos</i> . Aglutínanse <i>acotío, amodo, apenas, decontado, deseguida, deseguido, devagar, talvez</i> .

Preposicións	Restricións no uso de <i>deica, perante, encol de</i> .																																																		
Conxuncións e locucións conxuntivas.	Incorrecto → <i>*anque, *entonces, *nembargantes, *sen embargo</i> . Podemos usar no lugar de <i>*nembargantes- *sen embargo</i> as expresións <i>non obstante, con todo, porén, en troques, así e todo...</i> Aglutínanse <i>apenas, decontado que, deseguida que</i> .																																																		
<b>Contraccións</b>  Preposicións + artigo.	<table border="1"> <tr> <td></td> <td>O</td> <td>A</td> <td>OS</td> <td>AS</td> </tr> <tr> <td>A</td> <td>ó ~ ao</td> <td>á</td> <td>ós ~ aos</td> <td>ás</td> </tr> <tr> <td>CON</td> <td>co</td> <td>coa</td> <td>cos</td> <td>coas</td> </tr> <tr> <td>DE</td> <td>do</td> <td>da</td> <td>dos</td> <td>das</td> </tr> <tr> <td>EN</td> <td>no</td> <td>na</td> <td>nos</td> <td>nas</td> </tr> </table> <p>Atención: <i>Universidade da Coruña. Festas no Rosario</i>.</p>		O	A	OS	AS	A	ó ~ ao	á	ós ~ aos	ás	CON	co	coa	cos	coas	DE	do	da	dos	das	EN	no	na	nos	nas																									
	O	A	OS	AS																																															
A	ó ~ ao	á	ós ~ aos	ás																																															
CON	co	coa	cos	coas																																															
DE	do	da	dos	das																																															
EN	no	na	nos	nas																																															
Preposicións + numeral ~ indefinido.	Preposicións <i>de, en, con</i> + numeral <i>un/unha</i> → Restricións na preposición CON: A preposición CON non contrae co numeral pronominal (núcleo):  DE, EN, CON + numerais un, unha (DET) → <i>Equivocouse nunha resposta.</i> DE, EN + numerais un, unha (N) → <i>Con unha xa me abonda.</i>  Ten o mesmo comportamento cando <i>un, unha, uns, unhas</i> é indefinido: <i>Casou cun rapaz de Sarria. Tanto a vías con un coma con outro.</i>																																																		
Preposicións + pronome persoal.	<table border="1"> <tr> <td></td> <td>EL</td> <td>ELA</td> <td>ELES</td> <td>ELAS</td> </tr> <tr> <td>DE</td> <td>del</td> <td>dela</td> <td>deles</td> <td>delas</td> </tr> <tr> <td>EN</td> <td>nel</td> <td>nela</td> <td>neles</td> <td>nelas</td> </tr> </table>		EL	ELA	ELES	ELAS	DE	del	dela	deles	delas	EN	nel	nela	neles	nelas																																			
	EL	ELA	ELES	ELAS																																															
DE	del	dela	deles	delas																																															
EN	nel	nela	neles	nelas																																															
Preposicións + indefinidos un/algún/outro.	<table border="1"> <tr> <td></td> <td>UN</td> <td>UNHA</td> <td>UNS</td> <td>UNHAS</td> </tr> <tr> <td>CON</td> <td>cun</td> <td>cunha</td> <td>cuns</td> <td>cunhas</td> </tr> <tr> <td>DE</td> <td>dun</td> <td>dunha</td> <td>duns</td> <td>dunhas</td> </tr> <tr> <td>EN</td> <td>nun</td> <td>nunha</td> <td>nuns</td> <td>nunhas</td> </tr> </table> <table border="1"> <tr> <td></td> <td>ALGÚN</td> <td>ALGUNHA</td> <td>ALGÚNS</td> <td>ALGUNHAS</td> </tr> <tr> <td>DE</td> <td>dalgún</td> <td>dalgunha</td> <td>dalgúns</td> <td>dalgunhas</td> </tr> <tr> <td>EN</td> <td>nalgún</td> <td>nalgunha</td> <td>nalgúns</td> <td>nalgunhas</td> </tr> </table> <table border="1"> <tr> <td></td> <td>OUTRO</td> <td>OUTRA</td> <td>OUTROS</td> <td>OUTRAS</td> </tr> <tr> <td>DE</td> <td>doutro</td> <td>doutra</td> <td>doutros</td> <td>doutras</td> </tr> <tr> <td>EN</td> <td>noutro</td> <td>noutra</td> <td>noutros</td> <td>noutras</td> </tr> </table>		UN	UNHA	UNS	UNHAS	CON	cun	cunha	cuns	cunhas	DE	dun	dunha	duns	dunhas	EN	nun	nunha	nuns	nunhas		ALGÚN	ALGUNHA	ALGÚNS	ALGUNHAS	DE	dalgún	dalgunha	dalgúns	dalgunhas	EN	nalgún	nalgunha	nalgúns	nalgunhas		OUTRO	OUTRA	OUTROS	OUTRAS	DE	doutro	doutra	doutros	doutras	EN	noutro	noutra	noutros	noutras
	UN	UNHA	UNS	UNHAS																																															
CON	cun	cunha	cuns	cunhas																																															
DE	dun	dunha	duns	dunhas																																															
EN	nun	nunha	nuns	nunhas																																															
	ALGÚN	ALGUNHA	ALGÚNS	ALGUNHAS																																															
DE	dalgún	dalgunha	dalgúns	dalgunhas																																															
EN	nalgún	nalgunha	nalgúns	nalgunhas																																															
	OUTRO	OUTRA	OUTROS	OUTRAS																																															
DE	doutro	doutra	doutros	doutras																																															
EN	noutro	noutra	noutros	noutras																																															
Preposicións + demostrativos.	DE, EN contraen todas as formas do demostrativo, tanto as simples como as resultantes da concorrencia con "outro": <i>deste, desta, destoutro..., neste, nesta, nestoutro...</i>																																																		
Demostrativo + indef. <i>Outro</i> .	Masculino: estoutro(s), esoutro(s), aqueloutro(s) Feminino: estoutra(s), esoutra(s), aqueloutra(s) Contraen con <i>de/en</i> . Neutro → Non contrae: isto outro...																																																		
Pronome + Pronome.	<table border="1"> <tr> <td></td> <td>O</td> <td>A</td> <td>OS</td> <td>AS</td> </tr> <tr> <td>ME</td> <td>mo</td> <td>ma</td> <td>mos</td> <td>mas</td> </tr> <tr> <td>CHE</td> <td>cho</td> <td>cha</td> <td>chos</td> <td>chas</td> </tr> <tr> <td>LLE</td> <td>llo</td> <td>lla</td> <td>llos</td> <td>llas</td> </tr> <tr> <td>NOS</td> <td>nolo</td> <td>nola</td> <td>nolos</td> <td>nolas</td> </tr> <tr> <td>VOS</td> <td>volos</td> <td>vola</td> <td>volos</td> <td>volas</td> </tr> <tr> <td>LLES</td> <td>llelo</td> <td>llela</td> <td>llelos</td> <td>llelas</td> </tr> </table>		O	A	OS	AS	ME	mo	ma	mos	mas	CHE	cho	cha	chos	chas	LLE	llo	lla	llos	llas	NOS	nolo	nola	nolos	nolas	VOS	volos	vola	volos	volas	LLES	llelo	llela	llelos	llelas															
	O	A	OS	AS																																															
ME	mo	ma	mos	mas																																															
CHE	cho	cha	chos	chas																																															
LLE	llo	lla	llos	llas																																															
NOS	nolo	nola	nolos	nolas																																															
VOS	volos	vola	volos	volas																																															
LLES	llelo	llela	llelos	llelas																																															

ATENCIÓN A<sup>42</sup>:

<b>ALFABETO,</b>	<b>ACENTUACIÓN, SIGNOS DE INTERROGACIÓN E ADMIRACIÓN, APÓSTROFO</b>
<b>Alfabeto</b>	"q" (que); "ch, ll, qu" (ce hache, ele dobre, que u).
<b>Acentuación</b>	Interrogativas indirectas: non se acentúan (agás cando é necesario para evitar ambigüidade).
<b>Signos de interrogación e admiración.</b>	Obrigatorios ó final do enunciado. Só se recomenda o uso ó inicio para evitar ambigüidades e facer máis doada a lectura: <i>Por que non llelo preguntas ti?. Pero, Vou contigo ó teatro, ¿ou queres que quede? / ¿Vou contigo ó teatro ou queres que quede?</i>
<b>Apóstrofo</b>	Pode usarse nos títulos de obras ou cabeceiras de publicacións cando o artigo concorre coas preposicións <i>de, en</i> : <i>O argumento d'A Esmorga</i> .
<b>LÉXICO:</b>	
<b>Vogal (subst.)</b>	<i>Vogal</i> (substantivo), pero <i>vocal</i> (adxectivo, "da voz"): <i>cuarteto vocal</i> ; ademais, <i>vocálico, vocalismo, vocalista, vocalizar...</i>
<b>Estudar</b>	<i>Estudar, estudante, estudantado, estudoso</i>
<b>GRUPOS CONSONÁNTICOS:</b>	
<b>Grupos -ct-, -cc-</b>	Cambios nas seguintes secuencias: <i>ICT, UCT, ICC, UCC -&gt; IT, UT, IC, UC</i> . Suprímese a primeira consoante cando vai precedida das vogais <i>i, u</i> : <i>Conflicto, estrutura, vitoria, vítima...</i> Excepcións: <i>adición, adicto, convicción, convicto, deíctico, dicción, dúctil, ductilidade, edicto, ficción, ficticio, fricción, fricciónar, ictericia, invicto, micción, pictórico, succión, succiónar, veredicto</i> e algunhas palabras máis, de linguaxes especializadas, infrecuentes na fala.
<b>Grupo [ks]</b>	Encontro de dous <i>x</i> na mesma palabra: dúas opcións, <i>esaxerar / exaxerar</i> .
<b>TERMINACIÓNS</b>	
<b>Terminacións -cio, -cia, -zo, -za.</b>	Admítense <i>Galiza</i> (e <i>Galicia</i> ). Amplíase a relación de voces con <i>-zo, -za</i> : <i>diferenza, espazo, estanza (estrofa), graza, licenza, nacemento, novizo, perseveranza, presenza, querenza, sentenza, servizo, terzo</i> .
<b>Terminacións -aría, -ería.</b>	Admítense as dúas solucións: <i>-aría, -ería; librería, librería</i> . Dáse preferencia á solución <i>-aría</i> . <u>Palabras que só admiten a solución <i>-ería</i></u> : <i>batería, galería, galantería, mercería</i> (galicismos modernos).
<b>Terminacións -eo, -eu / -ao, -au:</b>	P.e. <i>chapeu, romeu, xubileu, bacallau, pau</i> .
<b>Terminacións -dade, -tade.</b>	P.e. <i>puberdade</i> .
<b>Admítense -ble, -bel:</b>	<i>amable, amábel</i> .

<sup>42</sup> Normas aprobadas pola Real Academia Galega (2003).

SUBST, ARTIGO, PREPOSICIÓNS,	DEMOSTRATIVOS, RELATIVOS, NUMERAIS, VERBOS, ADVERBIOS, CONXUNCIÓNS.
<b>Substantivo. Feminino dos nomes rematados en -n:</b>	<p>-an/-á <i>aldeán, aldeá; ancián, anciá; alemán, alemá; catalán, catalá, etc.</i> Alguns xentilicios poden conservar a súa forma local -ao/-á: <i>armoio, armoía; burelao, burelá; courelao, courelá, etc.</i></p> <p>-án/-ana Aparece en substantivos e adxectivos que xeralmente actúan como caracterizadores pexorativos: <i>brután, brutana; lacazán, lacazana; pailán, pailana, etc.</i></p> <p>-ón/-oa <i>anfitrión, anfitrioa; bretón, bretoa; campión, campioa; ladrón, ladroa (ladra); león, leoa; patrón, patroa; saxón, saxoa; teutón, teutoa.</i></p> <p>-ón/-ona Palabras en que esta terminación é un sufixo aumentativo ou un deverbil pexorativo: <i>mullerona, casona; abusón, abusona; acusón, acusona; faltón, faltona; lambón, lambona; preguntón, preguntona, etc.</i></p>
<b>2ª forma do artigo</b>	<p>A 2ª forma do artigo (-lo, -la, -los, -las), só é obrigatoria despois da preposición <i>por</i> e do adverbio <i>u</i>. Nos demais casos o uso é facultativo.</p> <p><i>Por: Vai polo camiño.</i> <i>U: U-lo libro?</i></p>
<b>Contraccións a + o ca + o</b>	<p>Contracción de preposición <i>a</i> + artigo <i>o</i>: <i>ao, ó</i> (admítense as dúas representacións).</p> <p>Contraccións da partícula comparativa <i>CA</i> + artigo. Admítense a dobre representación <i>ca o</i> ou <i>có, ca a</i> ou <i>cá</i> para o encontro da conxunción comparativa co artigo determinado: <i>É máis ruín ca o demo, É máis ruín có demo.</i></p>
<b>Demostrativos</b>	Formas neutras. Só se admiten <i>isto, iso, aquilo</i> . Elimínanse <i>esto, eso, aquilo</i> .
<b>Relativos</b>	Admítense tamén <i>cuxo/a/os/as</i> .
<b>Numerais</b>	21, 22: O correcto será <i>vinte e un, vinte e dúas...</i> (Non <i>vinteún, vintedúas</i> ) Elimínanse triple, cuádruple.
<b>Verbos</b>	<p>Cambios na acentuación de P4, P5 no imperfecto de subxuntivo: <i>andásemos, andásedes</i>. Quedan como estaban o pretérito imperfecto (<i>andabamos, andabades</i>), o pluscuamperfecto (<i>andaramos, andarades</i>), o futuro hipotético (<i>andariamos, andariades</i>).</p> <p>Admítense <i>oír/ouvir</i>. Cf. conjugación (irregular) de <i>ouvir</i>.</p>
<b>Adverbios e locucións adverbiais.</b>	<p>Engádense <i>alén</i> (da parte de alá), <i>aquén</i> (nesta banda de aquí).</p> <p>Elimínanse <i>entonces, alomenos</i>.</p> <p>Aglutínanse <i>acotío, amodo, apenas, decontado, decontino, decotío, deseguida, deseguido, devagar, talvez</i>.</p>
<b>Preposicións e locucións prepositivas</b>	Engádense <i>a respecto de, alén de, após, aquén de, até, canto a</i> .
<b>Conxuncións e locucións conxuntivas</b>	<p>Engádense <i>até que, no entanto, porén</i>.</p> <p>Elimínanse <i>anque, entonces, nembargantes, sen embargo</i>.</p> <p>Aglutínanse <i>apenas, decontado que, deseguida que</i>.</p>

<sup>A</sup> ANEXO MORFOLOXÍA: SEGMENTACIÓN.

<b>1.-M. FLEXIONAIS (DESINENCIAS)</b>	← →	<b>M. DERIVATIVOS (AFIXOS)</b>
Nome: Xénero, Número. Verbo: Modo-Tempo (SMT), N°-persoa (SNP)		Prefixos Sufixos <ul style="list-style-type: none"> <li>• Alterativos</li> <li>• Derivativos</li> </ul>
Significado gramatical		Significado léxico

<b>2.- Palabras simples.</b> Neno, nena, fago, farías	← →	<b>Palabras derivadas</b> Neneiro, neneira, desfago, desfarías.
--	-----	--

<b>3.- Palabras</b>	<b>simples</b>	1 lexema: beber, bebían, figo, cesto, cesta.
	<b>derivadas</b>	1 lexema + 1 ou varios afixos (prefixos ou sufixos): comechón, carcomer.
	<b>compostas</b>	2 lexemas ou máis: ollomol, foraborda, malfalado, augardente, bulebule, vichelocrego, xordomudo, mediodía, bendicir / bioquímica, xeografía, termómetro, topoloxía.
	<b>parasintéticas</b>	1. Pref + lex + suf: afear, envergoñar. 2. Lex+ lex+suf: picapedreiro.

<b>4.- Familias léxicas regulares.</b> Barco, embarcar, desmebarcar, barqueiro, barquiña...	← →	<b>Familias léxicas irregulares.</b> Cheo, pleno, preamar. Colgar, colocar < <i>collocare</i> → Dobletes. Cocepto de étimo, cultismo, semicultismo, palabra patrimonial.
--	-----	---

# 1.-P R E F I X O S

## 1.1.- PRINCIPAIS PREFIXOS DE ORIXE GREGA.

AN- A-	"negación"	Anarquía, ateo
ANFI-	"de unha e outra parte"	anfibio
ANTI-	"posición contraria a"	antifranquista
ARQUI- ARCE	"posición superior"	arquiduque, arcebispo
DIA-	"movemento a través de"	diacronía
ENDO-	"interior"	endogamia, endosfera
EU-	"bo"	eufónico, Eulalia
HIPER-	"posición superior, exceso"	hipertenso
HIPO-	"posición inf., escaseza"	hipotensión
ORTO-	"correcto"	ortografía
META-	"alteración"	metamorfose
PARA-	"ao lado de"	paranormal
PERI-	"ao redor de"	perífrase
SIN-	"simultaneidade, compañía"	sincronizar

## 1.1.- PREFIXOS DE ORIXE LATINA.

AB- ABS- A-	"separación"	abxurar, aversión
AD- A-	"aproximación ou dirección"	adxunto, arribar
ANTE-	"anterioridade"	antepoñer
CIRCUM- CIRCUN-	"ao redor de"	circunvalación
COM- CON- CO-	"contigüidade ou compañía"	compañeiro, colaborar
CONTRA-	"oposición"	contradicir
DE-	"movemento de máis a menos ou de arriba a abaixo"	decaer, decrecer
DES-	"separación, acción contraria"	descompoñer, desterrar
DIS- DI-	"negación, separación"	distender
EX- ES- E-	"movemento hacia fóra"	extraer, estender, evadir
EX-	"estado anterior"	ex-ministro
EXTRA-	"fóra de"	extraoficial
IN- IM- EN- EM-	"movemento hacia dentro"	inmigrar, importar, enterrar, embarcar
INTER- ENTRE-	"posición intermedia"	entreabrir, intermediar
	"relativo a varios suxeitos ou cuestións"	internacional
INTRA- INTRO-	"interior"	intravenoso, introducir
OB- O-	"oposición / posic. fronte a"	oposición
POS- POST-	"posterioridade"	pos+cons: pospoñer / post+voc: postelectoral
PRE-	"anterioridade"	previr, prexulgar
PRO-	"movemento hacia diante"	perseguir
	"posición en favor de"	prosoviético
RE-	"movemento hacia atrás"	retraer
	"repetición"	reler
RETRO-	"movemento hacia atrás"	retrovisor
SUB- SU- SOB- SO-	"inferioridade"	subterráneo, soterrar
SUPER- SOBRE-	"posición encima de"	superpoñer, superpoboar
	"exceso"	sobredose
TRANS- TRAS- TRA-	"mov. a través de"	transportar, traspasar
ULTRA-	"posición máis alá de"	ultradereita
VICE-	"substituto de"	vicedirector, vicerrei

## 2.- S U F I X O S

### 2.1.- SUFIXOS ALTERATIVOS

- **Aumentativos:** -ON -AZO
- **Diminutivos:** -ICO -ÍNNO -ELO -OLO -ECHO -OCHO -UCHO -EXO -UXO -ETA -OTE -OTA -UCO.
- **Despectivos:** -ACHO -UCHO -ORRIO -ASTRO...

### 2.2.- SUFIXOS DERIVATIVOS

<p>Posibilidades de derivación que ofrecen os sufixos derivativos:  S→S, S→A, S→V, A→A, A→adv, A→V, V→V, V→S, V→A, V→S/A  Pera→pereira, vila→vilán, sacho→sachar, caro→careiro, feliz→felizmente, escuro→escurecer, durmir→adormecer, mentir→mentira, durmir→durmiñón, durmiño, amar→amante.</p>			
A) SUFIXOS COLECTIVOS	-ADO -ADA -AXE -AME -DURA -ERIO/A -EIRO/A -AL -MENTO/A		alumnado camada plumaxe raigame, pelame dentadura graderío, cabalería cancioneiro, cabeleira areal osamenta
B) SUFIXOS LOCATIVOS	-DEIRO (v→s) - (v→s) DOIRO (v→s) -DOR	Lugar propiamente dito.	comedeiro, matadeiro lavadoiro, corredoira comedor, parador
	-ARIO -EIRO/A (s→s)	Lugar onde se garda algo.	campanario herbario canteira
	- (s→s) ADO/A (s→s) -ATO (s→s) -IA	Territorio dunha xurisdición.	marquesado decanato abadía
	-ERIA -ARIA	Lugar onde se practica unha acción.	panadería notaría
	-AL -AR	Lugar onde abunda algo.	areal
	-ADO/A	Capacidade dun recipiente.	cullerada
C) SUFIXOS XENTILICIOS Subst→Adx.	-ÁN / -Á -ES / ESA -ENSE / -ENSA -INO / -INA -EGO / -EGA -EIRO / -EIRA -OTO / -OTA	Xentilicios galegos.	ferrolán/á coruñés/esa lucense monfortino/ina limego/ega rianxeiro/eira baixomiñoto/a
	-ÁN / -A -ANO / -ANA -ÉS / -ESA -ENSE / -ENSA -EIRO / -EIRA -I	Xentilicios foráneos.	afgán/á angolano/ana chinés/esa canadense brasileiro/a iraquí
D) SUFIXOS TEMPORAIS	-ADO/A -IZO/A	Duración acción. Propio da época.	alborada invernizo

E) SUFIXOS DE ACCIÓN	-CIÓN -SION -IÓN -DURA -TURA -SURA -MENTO -(A)DO/A -(I)DO/A -ÓN -ECER (incoativo) -EXAR (iterativo) -EAR (iterativo) -IZAR (iterativo)  *Deverbais: -A -E -O -EO -/	Proceso, acción, efecto. (V → S)	admiración concesión  botadura  adelgazamento calada, chamada batido apagón florecer branquexar guerrear fertilizar  amarra ← amarrar baile ← bailar abandono ← abandonar abaneo ← abanear afán ← afanar
	-DOR -TOR -SOR -OR -NTE	Axente que realiza a acción da base verbal. (V → S)	advinador inventor precursor  Tamén profesionais / caracterizadores.
	-ADA -AZO	Golpe dado ou recibido. (S → S)	cuada, patada zapatazo
	-DOR/A -OR -DEIRO/A -EIRO/A	Instrumento (V → S/A)	abridor  alzadeira
F) SUFIXOS CARACTERIZADORES	-UDO -ÓN -NTE -ENTO -LENTO -OSO -EIRO -ADA -DEIRO -AL -BLE -ICO -IVO -ISMO -ISTA	(S→A) (V→S) (V→A) (S→A) (S→A) (S→A) (S→A) (S→A) (S→A) (S→A) (S→A) (S→A) (S→A)	barbudo abusón amante graxento, sanguento sanguinolento airoso, ansioso frioieiro animalada levadeiro anual comestible esperpéntico progresivo socialismo dentista
G) SUFIXOS PROFESIONAIS	-EIRO -ARIO -DOR -TOR -ISTA -ADO -ATO -NTE	(S→S) (S→S) (V→S) (S→S, V→S) (S→A)   (V→S/A)	barbeiro, escudeiro bibliotecario admirador autor ← auto, director almacenista arcebispado decanato atacante, comediante
H) SUFIXOS ABSTRACTOS	-NCIA -NZA -EZ -EZA -URA -ADE	V/S/A → S	abundancia (de abundar) alianza (de aliar) acidez (de acedo) beleza amargura mocidade, capacidade, ansiedade, mortandade
I) OUTRO SUFIXOS	*Das ciencias: -ICO -SE -ITE  *Numerais, cardinais,	ordinais.	telúrico análise, tise apendicite



### 3.- INTERFIXOS

Son morfemas independentes que poden ir:

- Entre o prefixo e o lexema: en-S-anch-ar
- Entre o lexema e o sufixo: Cast. polv-AR-eda Distinto é o caso de ros-al-eda (existe ros-al).

Tipos:

1.- Os que van entre dúas raíces (interfixos):	car-I-ancho
2.- Os que rompen a raíz em dúas partes (infixos):	Carlos → Carl- <u>Ñ</u> -os / *azúcar->azuqu-IT-ar
3.- Os afixos discontinuos que rodean a raíz (circunfixos):	EN-EC: EN-tern- <u>EC</u> -er, EN-torp-EC-er. En casos como en-fariñ-ar, em-pan-ar: problema.
4.- Bafo → baf- <u>AR</u> -ada / Fume → fum-AR-ada, pero pata → pat-ada / *polvo → polv-AR-eda, pero alam-eda, arbol-eda	
5.- Xardín-C-iño, corazón-C-iño, botón-C-iño. Non poden considerarse variantes do diminutivo.	

### MORFOLOXÍA: CASOS ESPECIAIS.

#### A) ALOMORFISMO. DISTINTAS MANEIRAS DE EXPRESAR O MESMO CONTIDO.

##### 1.-Alomorfismo no radical:

T- e-r / TEÑ- o / TIV- e-n...  
VERDE / VERD- oso

Segmenta:

clásico/clasicismo →  
católico/catolicismo →  
nadar/natación →  
tenis/tenista →  
óso/osamenta/oseira →

Pon máis exemplos de alomorfismo no radical.

##### 2.-Morfemas flexionais. P.e., no substantivo o morfema flexional de número: canción-S / col-ES / anima-IS

Verbo, p.e. morfema modo-tempo de imperfecto de indicativo: BA (I conxugación), A (II e III conxug.):  
cant-a-BA-s / beb-i-A -s / part-i-A -s

Exercicio: Pon exemplos de alomorfismo no morfema de xénero no substantivo.

Achega tamén exemplos de alomorfismo na expresión do modo-tempo ou do número-persoa.

##### 3.-Nos morfemas derivativos. P.e. prefixos, para o contido "negación de": I-legal / IM-posible.

Exercicio: Achega máis exemplos en que o mesmo contido teña variación na expresión.

## B) MORFEMAS FLEXIVOS DE XÉNERO E NÚMERO NO INTERIOR DA PALABRA:

Segmenta:

- Simbolicamente →
- Fatigadamente →
- Desenmascaradamente →
- Boamente →
- Firmemente →
- Inexplicablemente →

Achega outros exemplos en que se conserven os morfemas flexivos de xénero ou de número no interior da palabra.

## C) CASOS ESPECIAIS: BRILLAR

Brillar, alegrar, contentar... VT. ) Morfema flexivo ou derivativo? Clasifica ó verbo nunha conxugación (I), pero pode interpretarse como morfema derivativo. (Recordade -ecer, -ear,-izar,-exar).

## <sup>B</sup> VERBOS REMATADOS EN –AER, -OER, -AÍR, -OÍR, -UÍR.

	Presente indicativo	Presente subjuntivo	Imperfecto indicativo	Pretérito perfecto
C A E R	caio caes cae caemos caedes caen	caia caias caia caiamos caiaades caian	caía caías caía <u>caíamos</u> <u>caiaades</u> caían	caín caíches caeu caemos caestes caeron
M O E R	moio moes moe moemos moedes moen	moia moias moia moiamos moiaades moian	moía moías moía <u>moíamos</u> <u>moiaades</u> moían	moín moíches moeu moemos moestes moeron
S A Í R	saio saes sae saímos saídes saen	saia saias saia saiamos saiaades saian	saía saías saía <u>saíamos</u> <u>saiaades</u> saían	saín saíches <u>saíu</u> saímos saístes saíron
O Í R	oio oes oe oímos oídes oen	oia oias oia oiamos oiades oian	oía oías oía <u>oíamos</u> <u>oiades</u> oían	oín oíches <u>oíu</u> oímos oístes oíron

I	inclúo	inclúa	inclúa	inclúin
N	inclúes	inclúas	inclúas	inclúches
C	inclúe	inclúa	inclúa	<u>inclúu</u>
L	incluímos	incluamos	<u>incluíamos</u>	incluímos
U	incluídes	incluades	<u>incluíades</u>	incluístes
Í	inclúen	inclúan	inclúan	incluíron
R				

<sup>c</sup> **FUTURO DE SUBXUNTIVO.**

**Verbos regulares** → Infinitivo conxugado = Futuro de subxuntivo.

INFINITIVO CONXUGADO = FUTURO DE SUBXUNTIVO		
Andar	Varrer	Partir
Andares	Varrereres	Partires
Andar	Varrer	Partir
Andarmos	Varreremos	Partirmos
Andardes	Varrerdes	Partirdes
Andaren	Varrereren	Partiren

**Verbos irregulares** → Infinitivo conxugado ≠ Futuro de subxuntivo:

- Varía o tema → T' (R + VT)
- Coinciden as desinencias.
- O futuro de subxuntivo debe construírse tendo en conta o tema de perfecto e as desinencias do infinitivo conxugado.

T' (tema de perfecto) →  Raíz + VT do perfecto (dei), pluscuamperfecto (dera), imperfecto subxuntivo (dese).	+	Desinencias do infinitivo conxugado / futuro subxuntivo	
		MMT	MNP
		r / re	-ø, -s, -ø, -mos, -des, -n

	Imperfecto Subxuntivo	Futuro de subxuntivo		Imperfecto Subxuntivo	Futuro de subxuntivo
DAR	Dese Deses Dese Désemos Désedes Desen	Der Deres Der Dermos Derdes Deren	DICIR	Dixese Dixeses Dixese Dixésemos Dixésedes Dixesen	Dixer Dixerdes Dixer Dixeremos Dixerdes Dixerdes Dixerdes
ESTAR	Estivese Estiveses...	Estiver Estiveres...	FACER	Fixese Fixeses...	Fixer Fixeres...
IR	Fose Foses...	For Fores	SER	Fose Foses...	For Fores...
PODER	Puidese Puideses...	Puider Puideres...	QUERER	Quixese Quixeses...	Quixer Quixerdes...
TER	Tivese Tiveses...	Tiver Tiveres...			
VER	Vise Vises...	Vir Vires...	VIR	Viñese Viñeses...	Viñer Viñeres...
HABER	Houbese Houbeses...	Houber Houberes...	PODER	Puidese Puideses...	Puider Puideres...